

ACTA NÚM. 11 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 19 DE XULLO DE 2018.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:20 horas** do día **19 de xullo de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don AgustínHernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María JoséCorral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo MontielCarracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco ReyesSantiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Ana Gago Fernández, **viceinterventora do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 21 de xuño de 2018.**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Aprobación definitiva da modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital.**
- 4. Solicitude de inicio de avaliación ambiental da modificación puntual do PXOM en execución das sentenzas anulatorias do polígono 11. Castiñeirño.**
- 5. Aprobación inicial do expediente de crédito extraordinario núm. 2018-CREX-03.**
- 6. Aprobación inicial da modificación de crédito mediante suplemento de crédito 2018-SUPLE-02.**
- 7. Aprobación inicial de modificación das bases de execución do orzamento de 2018.**
- 8. Proposta da alcaldía en relación cos títulos, honras e condecoracións do Concello de Santiago para o ano 2018.**
- 9. Proposta da alcaldía para o nomeamento de concelleiro substituto na Asociación de Concellos do Camiño Inglés.**

10. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, para o desenvolvemento dos accesos viarios estruturantes dos parques empresariais de Costa Vella e da Sionlla.

11. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a posta en marcha de medidas para promover a visita de edificios históricos de difícil de acceso público.

12. Proposición do grupo municipal do BNG, para abrir ao público os edificios, monumentos e xardíns rehabilitados polo Consorcio da Cidade de Santiago.

13. Dar conta de escrito do BNG de cambio de portavoz e representante no Consello Asesor de Condecoracións.

14. Dar conta de escrito do BNG de renuncia a ter representación en XADE.

15. Dar conta da elevación á aprobación definitiva do Regulamento de funcionamento do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade.

16. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

17. Declaración institucionais do Concello de Santiago de Compostela:

A prol da regularización da educación social.

Para declarar persoas non gratas aos compoñentes da “Manada”.

18. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 2 de xullo de 2018, núm. 187.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 4 de xullo de 2018, núm. 190.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de xullo de 2018, núm. 197.

Do grupo municipal do BNG de data 10 de xullo de 2018, núm. 201.

Do grupo municipal do BNG de data 10 de xullo de 2018, núm. 202.

Do grupo municipal do BNG de data 10 de xullo de 2018, núm. 203.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de xullo de 2018, núm. 207.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de xullo de 2018, núm. 208.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 6 de xullo de 2018, núm. 194.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de xullo de 2018, núm. 209.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de xullo de 2018, núm. 210.

Do grupo municipal do BNG de data 11 de xullo de 2018, núm. 211.

Do grupo municipal do BNG de data 11 de xullo de 2018, núm. 212.

Preguntas resposta por escrito:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 27 de xuño de 2018, núm. 186.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 2 de xullo de 2018, núm. 188.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 4 de xullo de 2018, núm. 189.

Do grupo municipal do BNG de data 10 de xullo de 2018, núm. 204.

19. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 6 de xullo de 2018, núm. 196, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, a prol da ratificación do tratado para a prohibición das armas nucleares.

Rexistro de entrada do día 9 de xullo de 2018, núm. 198, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a seguridade dos muros de contención e outras melloras no barrio das Fontiñas.

Rexistro de entrada do día 10 de xullo de 2018, núm. 200, presentada polo grupo municipal do BNG, para mellorar os accesos, a sinalización e a divulgación do petroglifo do Castriño de Conxo.

Rexistro de entrada do día 10 de xullo de 2018, núm. 205, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, pola dotación orzamentaria da Lei de benestar animal.

Rexistro de entrada do día 10 de xullo de 2018, núm. 206, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa a implantar paradas antiacoso.

Rexistro de entrada do día 11 de xullo de 2018, núm. 213, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para condenar a violencia e defender os dereitos humanos en Nicaragua.

Rexistro de entrada do día 11 de xullo de 2018, núm. 214, presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, en apoio á Plataforma Casalonga Limpa de Resíduos.

En primeiro lugar gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia machista.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

Don José Antonio Ferreira, en representación da Plataforma Casalonga Limpa de Resíduos.

Dona Tamara Morales, en representación da Asociación Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento.

Dona Natalia Domínguez, en representación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG).

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes ao grupo municipal popular, acordou incluír por urxencia no punto número 14 da orde do día o escrito de renuncia do grupo municipal Socialista a ter representación en XADE.

A continuación pásase ao estudo dos asuntos que conforman a orde do día da presente sesión plenaria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 21 DE XUÑO DE 2018.

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do día 21 de xuño de 2018.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non se presenta.

O Pleno da Corporación, por unanimidade acordou incluír no punto de declaracións institucionais, mostrar por parte do Concello de Santiago o seu apoio á celebración do día das letras de 2019 dedicado a Antón Fraguas.

Seguidamente continúaase co estudo dos asuntos da orde do día.

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA ESPECIAL OE-5 GALERAS DO PXOM, NO ÁMBITO DO ANTIGO HOSPITAL.

O informe xurídico da xefa da sección de xestión urbanística e proposta do concelleiro, ditado con data 5 de xullo do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O proxecto fórmase pola Sección Municipal de Planeamento a resultados da encomenda efectuada por providencia do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade de data 27 de outubro de 2015.

O ámbito da Modificación correspóndese coa parcela catastral 7081201NH3478A0001EE, ocupada polo edificio do vello Hospital Provincial, na rúa de Galeras.

A Modificación tamén altera as condicións de ordenación da zona verde pública lindante (ZV.G - V-38), prevendo a reserva de aparcadoiro no seu subsolo.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) inclúe a parcela no sistema local de equipamento asistencial (AS-36), e na disposición final 3ª da súa normativa remite a ordenación detallada deste ámbito á *Modificación puntual do PXOU e do PE-1 para a creación da ordenanza especial OE-5 (Galeras-Universidade)*, que foi definitivamente aprobada polo Pleno do Concello de Santiago o 16 de xullo de 2001.

No ámbito da OE-5 aprobáronse definitivamente dous Estudos de detalle, con datas 29 de setembro de 2005 e 28 de xuño de 2012. O primeiro deles afectou á ordenación pormenorizada da parcela 2 (quinteiro edificado na confluencia das rúas de Galeras e de García Sabell), e o segundo supuxo un reaxuste das aliñacións na parcela IA-21 (Escola de Estomatoloxía).

Na citada ordenanza especial (OE-5) a parcela do antigo Hospital cualifícase como ***equipamento de carácter privado, AS-G***, coas condicións particulares que deseguido se transcriben:

Condicións particulares

Parcela AS.G

A edificación que se consolida é a parte correspondente ao vello Hospital Provincial, tal e como se recolle nos planos de ordenación. Resulta necesario, polo tanto, derrubar as zonas correspondentes aos anexos e engadidos posteriores, e resolver adecuadamente as novas fachadas que resultan da supresión dos volumes que desaparecen.

Manteranse as características construtivas e estruturais do edificio e a súa distribución, admitíndose unicamente aquelas actuacións de rehabilitación, acondicionamento e adaptación que resulten estritamente necesarias para adaptar o edificio aos novos usos propostos.

Admítese a separación funcional da edificación en dúas pezas ou edificios independentes, de acordo co indicado nos estudos tipolóxicos incluídos no anexo II, e

sempre que se garantan para cada unha das pezas separadas as condicións de accesibilidade, etc., que resulten esixibles.

A zona cualificada como espazo libre privado que dá fronte á rúa das Galeras será de uso público, sen que poidan instalarse elementos de peche deste recinto, que quedará integrado co espazo público circundante, con independencia do seu carácter de ben privativo.

As zonas libres privadas que dan fronte á nova zona verde serán de uso privativo para o servizo do edificio, e nelas poderán instalarse elementos de peche, que deberán estudarse no propio proxecto do edificio, garantindo a súa correcta integración no conxunto da urbanización.

Usos

En edificio exclusivo autorízanse os usos residencial-comunitario; asistencial e sanitario.

No suposto de que o edificio se organice en dúas pezas funcionalmente independentes, as condicións de uso aplicaranse a cada unha destas pezas, entendendo cada unha delas como edificio exclusivo.

Neste caso, admítase de xeito complementario o uso hoteleiro, ocupando como máximo unicamente unha das dúas pezas.

As condicións volumétricas de edificación son as que se definen graficamente nos planos e alzados de ordenación da Modificación puntual anteriormente citada, e representan a volumetría actual consolidada, cunha pequena ampliación no corpo da á norte, segundo reflicte o plano de alzados.

2. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO DA MODIFICACIÓN

A Modificación pretende a consecución dos obxectivos sinalados no Protocolo entre a USC e o Concello de Santiago que foi aprobado polo Pleno Municipal o día 30 de xaneiro de 2015, e cuxas cláusulas 1 e 2 recollen os seguintes compromisos para a administración municipal:

1.O Concello de Santiago de Compostela redactará e tramitará unha modificación da OE-5, co obxecto de flexibilizar a conservación integral do vello Hospital mantendo a esencialidade do edificio construído, tanto no que se refire ás fachadas pétreas como a súa tipoloxía hospitalaria tan característica, e a envolvente volumétrica que marca a altura das cornixas.

2. Ademais dos usos considerados na OE-5: residencial comunitario, asistencial, sanitario e todos aqueles que se describen no artigo 136 do PXOM, Sistema de equipamentos e dotacións, a modificación introducirá como usos permitidos os terciarios.

A finalidade última da Modificación é facilitar a posta en uso do inmobile, evitando o seu crecente deterioro, e incentivando as súas posibilidades de utilización, para o cal se estima necesario ampliar os usos autorizados e flexibilizar as condicións de intervención sobre a edificación existente.

O edificio, tanto pola súa posición estratéxica na cidade como polo seu carácter de elemento representativo dunha singular arquitectura e da memoria histórica de Compostela, merece unha especial consideración dende o punto de vista urbanístico.

O seu estado de crecente deterioro, no contexto dun mercado inmobiliario pouco favorable, xustifica o exercicio do *iusvariandía* fin de facer compatible a preservación das súas características esenciais coa mellora da súa funcionalidade ou aptitude para albergar novos usos, dotacionais e de carácter terciario.

No apartado correspondente da memoria do proxecto indícase o seguinte, sobre o interese público da Modificación:

“O edificio do vello Hospital Provincial constitúe un exemplar representativo da tipoloxía hospitalaria, ao tempo que se trata dun elemento clave na memoria histórica da cidade e na configuración da imaxe urbana da cidade histórica na súa vertente oeste, visible dende os miradoiros do parque do Espiño, Monte Pío e Pedroso.

A través da presente Modificación preténdese a recuperación e posta en valor dun edificio con gran presenza na imaxe urbana da cidade, protexendo os seus elementos esenciais, e facilitando a implantación de novos usos que incentiven a súa rehabilitación, co fin principal de frear o actual proceso de deterioro.

Durante o proceso de avaliación ambiental estratéxica, as distintas administracións competentes avaliaron positivamente os obxectivos da Modificación, que compatibiliza a protección do inmobile coa ampliación das súas posibilidades de uso e intervención.”

3. CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN

O alcance da Modificación, segundo se describe documento, pode sintetizarse en varios aspectos:

1. Diversificación de usos: Ampliase o catálogo de usos autorizables, engadindo aos xa permitidos polo plan vixente -residencial comunitario, sanitario, asistencial e hoteleiro- os seguintes: sociocultural, docente, comercial e oficinas. Así mesmo, permítese a combinación de varios usos, admitindo a ocupación do inmovible con usos non exclusivos.

O uso comercial autorízase exclusivamente na planta baixa da edificación e na categoría 2ª (definida no artigo 109 do PXOM), mentres que o hoteleiro e oficinas poderán distribuírse en calquera planta, en combinación tanto horizontal como vertical.

Os usos de carácter terciario non dotacional -hoteleiro, comercial, oficinas- non poderán exceder, no seu conxunto, o 50% da total superficie construída no inmovible.

2. Condicións volumétricas: A Modificación mantén as actuais características tipolóxicas do edificio, ocupación en planta, volumetría e fachadas. Porén, a resultas do informe emitido pola Dirección xeral de Patrimonio cultural, e co fin de recuperar a simetría orixinal do edificio, establécese a obriga de derrubar o volume da última planta, ampliada no corpo sur, ao tempo que se suprime a posibilidade de realizar a mesma ampliación no corpo norte.

3. Dotación de prazas de aparcadoiro: Ao se tratar dun edificio singular e protexido, considérase xustificado excepciónar a dotación obrigatoria de prazas de aparcadoiro, sempre que se acredite que a súa execución excede das posibilidades reais e razoables de intervención no subsolo da edificación existente.

En todo caso, prevese a reserva dun aparcadoiro público no subsolo da zona verde pública ZV.G e do paso peonil contiguo

4. Espazos libres privados: Defínense as condicións de actuación sobre os espazos libres privados da parcela, diferenciando os da fachada oeste e leste da edificación.

5. Condicións estéticas: Establécese a conservación da fachada pétrea monumental, nas condicións sinaladas no documento. En todo caso, calquera intervención na edificación ou nos elementos de carácter funcional que forman parte do conxunto deberá axustarse ao sinalado na ficha de catalogación que se incorpora ao Catálogo do Plan xeral, e someterase á autorización previa da DXPC.

6. Incorporación ao Catálogo de bens culturais do PXOM: De acordo co informe de Patrimonio Cultural, incorpórase o inmovible ao Catálogo coa referencia A-68, co nivel de protección estrutural, segundo se regula no artigo 42 da Lei 5/2016, do 4 de maio, *do patrimonio cultural de Galicia*, definíndose na presente Modificación os elementos protexidos. A protección estrutural do inmovible leva implícito o mantemento do

entramado estrutural, se ben indicase a posibilidade de admitir obras de reestruturación, de forma excepcional e motivada, previa xustificación que haberá de realizar o proxecto de intervención, e con autorización do organismo competente en materia de protección do patrimonio cultural.

4. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Previo acordo adoptado polo Pleno Municipal con data 28 de abril de 2016, remitiuse ao órgano ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica, xunto co Documento ambiental estratéxico (DAE) e o Borrador do plan.

A Secretaría de Calidade e Avaliación ambiental, mediante resolución do 5 de setembro de 2016 -publicada no DOG do día 29 de setembro de 2016-, formulou o Informe ambiental estratéxico (Expediente 2016AAE1903, código web 1808/2016), que recomenda integrar no planeamento as seguintes determinacións:

-A MP deberá incorporar o antigo Hospital Provincial no catálogo de elementos do patrimonio cultural a protexer do PXOM de Santiago de Compostela. Dentro da ficha valorarase asignar distintos niveis de protección a cada elemento ou partes do edificio, establecendo determinacións específicas para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación.

-Ademais da fachada pétrea, a proposta deberá contemplar dentro dos elementos a protexer: a estrutura, a fonte ornamental e a escalinata monumental.

-O documento deberá establecer con claridade as oportunas limitacións nos usos terciarios que se introduzan, de xeito que non se desvirtúe o carácter dotacional da actuación.

5. TRAMITACIÓN

Consonte ao procedemento regulado polo artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a Modificación **aprobase inicialmente** polo Pleno Municipal o día 19 de xaneiro de 2017 e someteuse a **información pública**, durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal El Correo Gallego (con data 8 de marzo de 2017) e no Diario Oficial de Galicia do día 13 de marzo de 2017.

Remitido o expediente á Consellería segundo esixe o artigo 60.7 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, con data 24 de agosto recibíuse o informe da Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, asinado o 4 de agosto, no que se da conta do resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes, así como dos informes sectoriais autonómicos solicitados e recibidos.

Polo que atinxe ao trámite de **audiencia aos concellos limítrofes**, consta informe favorable do Concello de Boqueixón. Segundo indica o informe autonómico, os restantes concellos contaban cun prazo para responder que finalizaba o día 28/07/2017. Rematado o dito prazo, non foi recibida nestas dependencias a resposta deses concellos, polo que pode continuarse o procedemento de aprobación da modificación (segundo parágrafo do artigo 60.7da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

No informe emitido pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data 4 de agosto de 2017, faise constar a emisión dos seguintes **informes sectoriais autonómicos**:

Informe favorable asinado o 2 de maio de 2017 polo subdirector xeral de Planificación e Protección civil.

Informe favorable emitido o 6 de xuño de 2017 pola Axencia Galega de Infraestruturas

Informe favorable asinado o 17 de xullo de 2017 polo Instituto de Estudos do Territorio, relativo á protección da paisaxe.

Informe asinado o 3 de xullo de 2017 pola directora xeral do Patrimonio Cultural, de sentido favorable, se ben *“condicionado a que se inclúan na normativa, nos planos e na ficha as determinacións do informe, e en concreto:*

- 1. Adecuar normativa do PXOM ao novo nivel de protección estrutural asignado ao edificio.*
- 2. Completar a ficha A-68*
- 3. Modificar o relativo ás condicións estéticas e volumétricas, segundo o indicado”*

No que atinxe ás condicións volumétricas e estéticas, o informe indica o seguinte:

Respecto da posibilidade de completar a última planta do corpo norte do edificio, ten interese a recuperación da simetría inicial do edificio, xa que a planta foi ampliada no corpo sur, aínda que se entende que sería máis acorde coa protección da volumetría do edificio a demolición do volume da última planta ampliado no corpo sur, recuperando o volume inicial, especialmente tendo en conta que a fachada norte é obxecto de protección específica.

As condicións estéticas que se concretan respecto do tratamento das fachadas deberán eliminarse da ordenanza, para a súa valoración concreta no trámite de autorización previa da DXPC á vista da proposta concreta, toda vez que a autorización de obras e intervencións no edificio está excluída da delegación de competencias no denominado perímetro azul do concello.

Cómpre engadir que no plano 02 de ordenación modificado, as cores azuis das tramas de “espazo libre da parcela de uso público” e “espazo libre da parcela de uso privado” non se distinguen.

O Pleno Municipal, mediante acordo adoptado o 19 de outubro de 2017, aprobou provisionalmente a Modificación, coas modificacións resultantes do trámite de participación pública e do informe emitido por Patrimonio Cultural.

No citado acordo de aprobación provisional contense o exame pormenorizado das alegacións presentadas e descríbense as modificacións introducidas sobre o documento inicialmente aprobado, como de seguido se transcribe:

-Modificación da volumetría, suprimindo parte da ultima planta do corpo sur e a posibilidade de ampliar a metade do corpo norte, por unha banda, e por outra, posibilidade de ocupación dos patios leste en planta baixa.

-Ampliación da reserva de aparcamento incluíndo o paso peonil situado entre a zona verde e a edificación.

-Aclaracións das cuestións relativas a posibilidade de compartir servizos comúns entre os distintos usos ou da execución por fases.

-Supresión das cuestións relativas ao tratamento de cubertas e fachadas.

-Modificación da ficha nos termos expresados polo informe da DXPC

-Completase o apartado Xustificación da modificación para explicar o interese público da actuación

-O contido do anterior apartado 1 (Antecedentes) trasládase ao Anexo 4.

No expediente consta o **informe favorable do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axencia Dixital**, competente en materia de telecomunicacións, de data 15 de febreiro de 2018, así como o emitido pola **Dirección Xeral de Aviación Civil** o día 1 de xuño de 2018, tamén favorable á presente Modificación.

Con data 20 de xuño de 2018 obtívose o **informe favorable da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, condicionado ao cumprimento das seguintes observacións:

a) Os planos de ordenación da modificación deberán incorporar o alzado da rúa de Felipe Ramón Cordero Carrete, recollendo a eliminación do andar engadido ao edificio orixinal.

b) O documento debe dar cumprimento ao apartado 1 das conclusións do informe da Dirección Xeral do Patrimonio cultural de data 03.06.2017

Respecto da primeira condición, o documento que se somete a aprobación definitiva xa incorpora o axuste dos planos de ordenación no senso indicado.

No que atinxe ao cumprimento do informe emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural -que consta asinado o 3 de xullo de 2017-, o apartado 1 esixe “*adequar a normativa do PXOM ao novo nivel de protección estrutural asignado ao edificio*”.

A fin de cumprimentar o sinalado, **proponse engadir no apartado 7 do artigo 171 da normativa do PXOM, un parágrafo do seguinte teor literal:**

O inmovible A-68 (Antigo Hospital de Galeras), catalogado co nivel de protección estrutural na *Modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital*, rexerase polo disposto na citada Modificación, así como polas disposicións aplicables da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia. Supletoriamente, e sempre que non se opoña ou contradiga ao sinalado anteriormente, aplicarase o réxime establecido nos artigos seguintes do PXOM para os edificios de protección non integral.

6. PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA

En consecuencia, e de conformidade co disposto polo artigo 61.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro. Aprobar definitivamente a Modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital. O documento que se somete a aprobación definitiva incorpora os planos de ordenación reformados segundo o indicado no informe da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Segundo. En estrito cumprimento do sinalado no precitado informe, en relación co emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural -que esixe adequar a normativa do PXOM ao nivel de protección estrutural asignado ao edificio-, **engádese o seguinte parágrafo no artigo 171.7 da normativa do PXOM:**

O inmovible A-68 (Antigo Hospital de Galeras), catalogado co nivel de protección estrutural na *Modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital*, rexerase polo disposto na citada Modificación, así como polas disposicións aplicables da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia. Supletoriamente, e sempre que non se opoña ou contradiga ao sinalado anteriormente, aplicarase o réxime establecido nos artigos seguintes do PXOM para os edificios de protección non integral.

O acordo de aprobación definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do PXOM no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, notificárase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións, dándolle traslado do acordo de aprobación provisional, así como, do informe técnico de contestación ás alegacións presentadas.”

Rematado o debate, á vista do informe proposta transcrito, e máis do ditame favorable da Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, correspondente a súa sesión ordinaria do día 12 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 22 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do PSdeG-PSOE, e 2 votos en contra correspondentes ao concelleiro e concelleira do BNG, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro: Aprobado definitivamente a modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital. O documento que se somete a aprobación definitiva incorpora os planos de ordenación reformados segundo o indicado no informe da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Segundo: En estrito cumprimento do sinalado no precitado informe, en relación co emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural -que esixe adecuar a normativa do PXOM ao nivel de protección estrutural asignado ao edificio-, engádese o seguinte parágrafo no artigo 171.7 da normativa do PXOM:

O inmovible A-68 (Antigo Hospital de Galeras), catalogado co nivel de protección estrutural na modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital, rexerase polo disposto na citada Modificación, así como polas

disposicións aplicables da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia. Supletoriamente, e sempre que non se opoña ou contradiga ao sinalado anteriormente, aplicarase o réxime establecido nos artigos seguintes do PXOM para os edificios de protección non integral.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do PXOM no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións, dándolle traslado do acordo de aprobación provisional, así como, do informe técnico de contestación ás alegacións presentadas.

4. SOLICITUDE DE INICIO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM EN EXECUCIÓN DAS SENTENZAS ANULATORIAS DO POLÍGONO 11. CASTIÑEIRIÑO.

O informe xurídico da xefa da sección de xestión urbanística que ven co conforme do secretario xeral do pleno e proposta do concelleiro, ditado con data 6 de xullo do corrente ano, ten o seguinte contido:

“1. Xustificación e alcance da Modificación

A Modificación fórmase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos servizos técnicos de Planeamento e Xestión, co fin de dar cumprimento ás sentenzas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos procedementos PO 4752/2007 e 4738/2008, interpostos contra o Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

As sentenzas anulan parcialmente as determinacións do vixente PXOM no que atinxe á inclusión de concretas parcelas no ámbito do polígono de solo urbano non consolidado P-11 (Castiñeiriño), declarando que as parcelas afectadas han de recibir a consideración de solo urbano consolidado.

Se ben as sentenzas se refiren só a concretas parcelas identificadas nas respectivas demandas, a anulación esixe revisar a delimitación do polígono 11, e analizar as distintas alternativas de ordenación, non só das parcelas afectadas pola sentenzas, senón tamén dos terreos restantes incluídos no polígono e mesmo do seu contorno, co fin de asegurar a necesaria coherencia e integración da ordenación resultante.

Para este fin, no Documento ambiental estratéxico (DAE) elaborado pola arquitecta municipal analízanse e avalíanse as distintas alternativas de ordenación, concluíndose a inviabilidade de manter o polígono 11, de xeito que todos os terreos afectados pasan a ter a consideración de solo urbano consolidado, habendo de definirse a súa cualificación e ordenación detallada nos termos esixidos polo artigo 53.b) da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG).

No Borrador do Plan distínguense tres subámbitos de actuación:

-Zona norte, ao sur do Corte Inglés: Neste ámbito incorpórase o itinerario peonil que comunica a rúa Monte do Seixo coa rúa situada ao sur do Corte Inglés, e reflíctense as aliñacións resultantes da Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUNP-17, aprobada definitivamente o 28.11.2002.

-Zona central, delimitada ao norte pola rúa de Monte do Seixo, e ao sur polas rúas Agustín Sixto Seco e Josefa Iglesias Villaverde: Axústanse as aliñacións para recoller, na medida do posible, as edificacións existentes; propónse un itinerario peonil que conecta as rúas de Josefa Iglesias e de Monte do Seixo a través da reserva dotacional RE-SUNP-14, incorporando parte desta parcela ao sistema de espazos libres.

-Zona sur, coincidente co antigo polígono 11 do PXOM: Mantéñense, na medida do posible, as edificacións existentes, prolongando a aliñación definida polo edificio da farmacia, o que supón deixar fóra de ordenación a edificación principal do restaurante *Paz Nogueira*. Nesta parcela, defínese un novo volume de B+3, con prolongación da planta baixa. As edificacións existentes mais ao sur mantéñense dentro de ordenación, suxeitas á ordenanza 11 do PXOM.

2. Procedemento aplicable

A Modificación, en canto afecta á ordenación detallada establecida polo PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado nos artigos 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia (LSG)* e 144 do seu Regulamento (RLSG), sendo competente o Pleno Municipal para a aprobación definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da LSG, 146.2 do RLSG e 123.1.i) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Artigo 61.2 da LSG:

...

2. Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.

Artigo 123.1.i) da LBRL:

...

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

3. Solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica

De conformidade co disposto polo artigo 46.2.a) da LSG, ao se tratar dunha modificación menor do plan xeral vixente, resulta aplicable o **procedemento de avaliación ambiental simplificada**, debendo o Concello trasladar ao órgano ambiental a seguinte documentación:

Solicitude de inicio da avaliación ambiental simplificada

Borrador da Modificación proposta

Documento ambiental estratéxico (DAE), co contido mínimo que de seguido se describe:

- a) Los objetivos de la planificación.*
- b) El alcance y contenido del plan propuesto y de sus alternativas razonables, técnica y ambientalmente viables.*
- c) El desarrollo previsible del plan o programa.*
- d) Una caracterización de la situación del medio ambiente antes del desarrollo del plan o programa en el ámbito territorial afectado.*
- e) Los efectos ambientales previsibles y, si procede, su cuantificación.*
- f) Los efectos previsibles sobre los planes sectoriales y territoriales concurrentes.*
- g) La motivación de la aplicación del procedimiento de evaluación ambiental estratégica simplificada.*
- h) Un resumen de los motivos de la selección de las alternativas contempladas.*
- i) Las medidas previstas para prevenir, reducir y, en la medida de lo posible, corregir cualquier efecto negativo relevante en el medio ambiente de la aplicación del plan o programa, tomando en consideración el cambio climático.*
- j) Una descripción de las medidas previstas para el seguimiento ambiental del plan..*

Segundo dispón o artigo 18.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (LAA), o órgano substantivo -isto é, o da administración pública competente

para aprobar o plan- comprobará se a documentación presentada cumpre ou non cos requisitos esixidos pola citada Lei, así como, de ser o caso, coa esixida pola lexislación sectorial de aplicación, e ordenará, se procede, a remisión da documentación ao órgano ambiental, quen adoptará a resolución que corresponda.

Para os plans cuxa aprobación corresponda ás entidades locais, o artigo 11.3 da LAA dispón que as funcións atribuídas po resta lei ao órgano substantivo corresponderán ao órgano da administración autonómica ou local que determine a lexislación autonómica.

Perante a falta de norma autonómica expresa que regule esta cuestión, é preciso acudir aos títulos competencias da Lei de bases do réxime local. Nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do título X da dita Lei, atribúese ao Pleno Municipal a competencia para a aprobación inicial do planeamento xeral, así como para a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e instrumentos de ordenación urbanística -artigo 123.1.i)-.

En consecuencia, parece lóxico que tratándose dunha modificación do Plan xeral, o acordo de remisión de documentación ao órgano ambiental se adopte polo Pleno Municipal, ao ser este o órgano que ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral.

A decisión que corresponde adoptar ao órgano substantivo nesta fase de inicio límitase a comprobar se a documentación presentada cumpre ou non os requisitos esixidos polo artigo 29.1 da LAE, para os efectos de ordenar a súa remisión ao órgano ambiental, pero non prexulga nin vincula a que, de ser o caso, haxa de adoptar para a aprobación inicial do planeamento.

Polo exposto, e CONSIDERANDO:

1. Que pola Sección Municipal de Planeamento se elaborou, en xuño de 2018, o **Documento ambiental estratéxico** (DAE) e o **Borrador da Modificación puntual do PXOM en execución das sentenzas anulatorias do polígono 11**.
2. Que a documentación presentada reúne o contido mínimo esixido polo artigo 29 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*.
3. Que o proxecto elaborado polos Servizos Técnicos Municipais ten o carácter de *borrador* ou avance de planeamento, habendo de confeccionarse con posterioridade, e á vista da resolución que se adopte polo órgano ambiental, o documento de planeamento que haxa de someterse á aprobación do órgano competente.

4. Que o Pleno Municipal ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral, polo que ten a condición de órgano substantivo para os efectos da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

4. Proposta

Con fundamento nas anteriores consideracións, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Remitir ao órgano ambiental a Solicitud de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual do PXOM en execución das sentenzas anulatorias do polígono 11*, promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en xullo de 2018.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos polos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.”

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Rematado o debate, á vista do informe proposta transcrito, e máis do ditame favorable da Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, correspondente a súa sesión ordinaria do día 12 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, e polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro: Remitir ao órgano ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da modificación puntual do PXOM en execución das sentenzas anulatorias do polígono 11, promovida polo Concello de Santiago, xunto co documento ambiental estratéxico e co borrador do plan, todo elo

segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en xullo de 2018.

Segundo: Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos polos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.”

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

5. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2018-CREX-03.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda, de data 13 de xuño do corrente ano, ten o seguinte contido:

“Logo de ver o informe-proposta e proposta que forman parte da documentación deste expediente:

1) Informe-proposta de acordo de Crédito Extraordinario nº 2018-CREXT-03, asinada polo director da asesoría xurídica e o xefe do servizo de informática (centro xestor que cede crédito) e Proposta do Concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 13 de xuño de 2018.

Logo de ver que o expediente ten carácter urgente e non pode demorarse ata o exercicio seguinte. De conformidade co establecido no artigo 12.2 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2018, esta Concellería, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2018-CREXT-03 con base no contido do informe-proposta e proposta que forma parte do expediente, por importe de **DOUSCENTOSVINTESEIS MIL CENTO NOVENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (226.192,87 €)**.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Habilitación de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2018-CREXT-03 por un importe de 226.192,87 euros nas aplicacións orzamentarias 060.92000.35200 de importe 159.885,33 € e na aplicación orzamentaria 050.15101.35200 de importe 66.307,54 € co obxecto de que o Concello poida abonar as liquidacións por xuros de mora e legais recoñecidas en sentenzas firmes e outros procedementos.

O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE		
Liquidación xuros de mora e legais pendentes de aboar polo Concello e recoñecidos en sentenza firme	060	92000	35200	159.885,33	CE	Crédito dispoñible actual do proxecto de gasto	060	92001	64100	2018 4 INFOR 28	226.192,87		
Liquidación de xuros de mora polo retraso no pago da indemnización a percibir pola perda dunha edificación e demais bens afectados existentes na parcela 52 do proxecto de reparcelación do SUNP 37.3 Costa Vella	050	15101	35200	66.307,54									
				226.192,87							226.192,87		

A) Financiamento:

1. Baixas por anulación: **226.192,87 euros**

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	226.192,87 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	226.192,87 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 20.000,00 euros

SEGUNDO: expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Figura no expediente informe de intervención, núm. 411/2018, de data 6 de xullo do corrente ano, e acordo da Xunta de Goberno de data 9 de xullo do corrente ano, aprobando o proxecto do respectivo expediente.

Xa que logo, á vista da proposta transcrita, demais documentación que obra no expediente, e do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á sesión ordinaria do día 12 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 21 votos a favor, correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do BNG (10 CA, 9 PP e 2 BNG), e 3 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2018-CREXT-03 con base no contido do informe-proposta e proposta que forma parte do expediente, por importe de DOUSCENTOS VINTESEIS MIL CENTO NOVENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (226.192,87 €).

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Habilitación de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2018-CREXT-03 por un importe de 226.192,87 euros nas aplicacións orzamentarias 060.92000.35200 de importe 159.885,33 € e na aplicación orzamentaria 050.15101.35200 de importe 66.307,54 € co obxecto de que o Concello poida abonar as liquidacións por xuros de mora e legais recoñecidas en sentenzas firmes e outros procedementos.

O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE
Liquidación xuros de mora e legais pendentes de aboar polo Concello e recoñecidos en sentenza firme	060	92000	35200	159.885,33	CE	Crédito dispoñible actual do proxecto de gasto	060	92001	64100	2018 4 INFOR 28	226.192,87
Liquidación de xuros de mora polo retraso no pago da indemnización a percibir pola perda dunha edificación e demais bens afectados existentes na parcela 52 do proxecto de reparcelación do SUNP 37.3 Costa Vella	050	15101	35200	66.307,54							
				226.192,87							226.192,87

B) Financiamento:

1. Baixas por anulación: 226.192,87 euros

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	226.192,87 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	226.192,87 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 20.000,00 euros.

Segundo:Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

Terceiro: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

6. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2018-SUPLE-02.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda de data 2 de xullo do corrente ano, en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“Logo de ver o informe-proposta e proposta que forman parte da documentación deste expediente:

1) Informe-proposta de acordo de Suplemento de crédito nº 2018-SUPLE-02, asinada pola técnica do departamento de Educación e Proposta do Concelleiro delegado de Educación e Cidadanía, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 3 de xullo de 2018.

Logo de ver que o expediente ten carácter urgente e non pode demorarse ata o exercicio seguinte. De conformidade co establecido no artigo 12.2 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2018, esta Concellería, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2018-SUPLE-02 con base no contido do informe-proposta e proposta que forma parte do expediente, por importe de **TRINTA E OITO MIL CATROCIENTOS QUINCE CON CINCUENTA E NOVA EUROS (38.415,59euros €)**

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) **Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:**

Habilitación de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2018-SUPLE-02 por un importe de 38.415,59euros co obxecto de executar a obra do itinerario peonil seguro para a interconexión de centros na escola Infantil de Fontiñas.

O detalle desta proposta sería:

A) **Financiamiento:**

- | | |
|--|------------------------|
| 1. Baixas por anulación: | 30.804,21 euros |
| 2. Excesos de financiamiento afectado: | 7.611,38 euros |

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito	
2.- Financiamiento	38.415,59 euros
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	30.804,21 euros
c) Excesos de financiamiento afectado ao peche do exercicio 2017, recollidos proxecto 2017 8 EXCES 17	7.611,38 euros

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 38.415,59 euros

SEGUNDO: aprobar o cambio de finalidade do recurso afectado por importe de 7.611,38€ procedentes do proxecto 2011 2 SOFTR 1 e integrado no 2017 8 EXCES 17- que permita o financiamiento desta nova actuación “Itinerario peonil seguro para interconexión de centros na escola infantil de Fontiñas”, incluída no proxecto de gasto 2017 2 EDUCA 56.

TERCEIRO: expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra el non se formulase reclamación algunha, e proceder á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Figura no expediente informe emitido por intervención municipal con data 6 de xullo do corrente ano, núm. 412/2018, e acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de xullo seguinte, aprobando o proxecto do presente expediente.

Rematado o debate, e á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á sesión ordinaria do día 12 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2018-SUPLE-02 con base no contido do informe-proposta e proposta que forma parte do expediente, por importe detrinta e oito mil catrocentos quince con cincuenta e nove euros (38.415,59euros €).

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Habilitación de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2018-SUPLE-02 por un importe de 38.415,59euros co obxecto de executar a obra do itinerario peonil seguro para a interconexión de centros na escola Infantil de Fontiñas(aplicación orzamentaria 080 32300 63200).

O detalle desta proposta sería:

A) Financiamento:

1. Baixas por anulación:	30.804,21 euros
2. Excesos de financiamento afectado:	7.611,38 euros

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
-----------	---------

1.- Total suplemento de crédito	
2.- Financiamiento	38.415,59 euros
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	30.804,21 euros
c) Excesos de financiamiento afectado ao peche do exercicio 2017, recollidos proxecto 2017 8 EXCES 17	7.611,38 euros

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 38.415,59 euros

Segundo: Aprobar o cambio de finalidade do recurso afectado por importe de 7.611,38€ procedentes do proxecto 2011 2 SOFTR 1 e integrado no 2017 8 EXCES 17- que permita o financiamiento desta nova actuación “Itinerario peonil seguro para interconexión de centros na escola infantil de Fontiñas”, incluída no proxecto de gasto 2017 2 EDUCA 56 (aplicación orzamentaria 080 32300 63200).

O cadro resume é o que segue:

1																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																								
		DESCRIPCIÓN DETALLADA			APLICACIÓN DE GASTO		PROXECTO		CRÉDITO ANTERIOR	IMPORTE HABILITACIÓN	CRÉDITO TOTAL	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA		FONTE DE FINANCIAMIENTO		IMPORTE																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
MODIFICATIVAS	C	O	D	I	F	I	T	C	A	T	I	V	N	A	S																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																									

Terceiro: Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

Cuarto: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formularon reclamacións ou alegacións, e proceder á publicación do resumo do mesmo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

7. APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2018.

A proposta de modificación das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio de 2018, de data 9 de maio do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Pleno da Corporación, na sesión do 17.01.2018, aprobou inicialmente o orzamento xeral -incluíndo as súas bases de execución- e cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2018.

No BOP nº 14, do 19.01.2018, publicouse anuncio de exposición ao público do antedito expediente.

Por acordo plenario do 21.02.2018 resolvéronse as alegacións presentadas, en tempo e forma, e aprobouse definitivamente o orzamento xeral -xunto coas súas bases de execución- e cadro de persoal do ano 2018.

No BOP nº 40, do 27.02.2018, publicouse o orzamento definitivamente aprobado resumido por capítulos coas consecuencias que deste feito se derivan tocantes á súa entrada en vigor.

O 9 de marzo deste ano entrou en vigor a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24UE, de 26 de febreiro do 2014 -LCSP, en diante-, que introduciu importantes novidades no eido da contratación administrativa, sendo especialmente salientables as relativas aos contratos menores.

O artigo 39 das bases de execución do orzamento municipal para este exercicio 2018 regula os procedementos de contratación e, entre eles, os contratos menores como segue:

“B. Contratos menores

O réxime e tramitación dos contratos menores regulase no artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A contía –valor estimado- por obxecto e ano non pode exceder das sinaladas no artigo 118 da antedita Lei, que son, IVE excluído:

- a) Para obras inferior a 40.000 €*
- b) Para subministracións e servizos inferior a 15.000 €*

Os citados contratos non poden ter unha duración superior ao ano corrente, nin ser obxecto de prórroga, nin de revisión de prezos, nin supor fraccionamento do contrato. Os trámites para a súa autorización e disposición, así como o órgano competente para elo, son os sinalados no artigo 23 destas Bases, coa distinción dos contratos inferiores e iguais a 3.000,00 euros e dos superiores a 3.000,00 euros.

A tramitación dos contratos menores esixe que no expediente se xustifique que non se está alternado o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que o contratista non tivera subscrito máis contratos menores que, illada ou conxuntamente, superen as cifras indicadas –de 40.000,00 € para obras e 15.000,00 € para subministracións e servizos-. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra.

*Se o contrato menor supera o límite de 3.000,00 euros, requirirase para a súa tramitación informe-proposta motivado, retención de crédito (documento contable previo de Autorización-Disposición (AD)), e **proposta do gasto asinada pola Concellería correspondente**. De tratarse dun contrato de obras, requirirase ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo do correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran, e do informe de supervisión cando os traballos afecten a estabilidade, seguridade o estanquidade da obra, debendo informarse ao respecto na proposta polo técnico competente.*

Para a contratación de novos equipamentos que supoñan a prestación dun novo servizo ou a ampliación substancial dun xa existente, deberá incorporarse unha memoria valorada do custe de prestación do servizo ou ampliación.

O recoñecemento das obrigas será competencia da Concellería delegada de Economía e Facenda. “

O artigo 23.2 e 3 das mesmas bases -autorización e disposición de gastos- dispón o seguinte no que aos contratos menores atinxe:

“2. No caso de tratarse de propostas de gasto de contía inferior ou igual a 3.000,00 euros, as mesmas poderán revestir carácter xenérico, cando non sexa posible concretar os distintos gastos a realizar no momento de presentación das mesmas. Neste caso, o departamento xestor deberá indicar o número de RC previo na proposta de gasto formulada, procedendo a Intervención municipal a practicar a correspondente retención de crédito sobre unha ou varias aplicacións de gasto, remitindo documento contable RC ao departamento xestor.

Trala realización do gasto, as factura/s correspondentes farán constar, no seu caso, o número de documento contable RC ou AD que corresponda, que lle terá sido

comunicado polo departamento xestor no momento do encargo do gasto ao seu adxudicatario. Unha vez conformada a factura/s polo departamento xestor, nos termos indicados na base 24ª, procederase pola Concellería delegada de Economía e Facenda a autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga correspondente, nos termos indicados na presente base de execución do orzamento.

3. No caso de tratarse de propostas de gasto superiores a 3.000,00 euros e menores de 15.000,00 euros, ou menores de 40.000,00 euros, tratándose de obras (IVE non engadido), os departamentos xestores presentarán propostas de gasto específicas, indicando o número do AD previo, con inclusión do expediente de contratación cos requisitos que a normativa determine para cada caso, xunto cos datos do adxudicatario proposto. De tratarse de contratos menores suxeitos a Lei de contratos, aplicarase o procedemento e requisitos regulamentados no artigo 38 destas Bases.

Trala presentación de ditas propostas, a autorización e disposición de gasto será aprobada pola Concellería delegada de Economía e Facenda coa finalidade de axilizar o procedemento. Pola Intervención municipal procederase á súa contabilización mediante documento contable AD o cal será remitido ao departamento xestor.

Trala realización do gasto, as factura/s correspondentes farán constar o número de documento contable AD que corresponda, que lle terá sido comunicado polo departamento xestor no momento do encargo do gasto ao seu adxudicatario. Unha vez conformada a factura/s polo departamento xestor, nos termos indicados no artigo 24, procederase pola Concellería delegada de Economía e Facenda a recoñecer a obriga correspondente.

Procurarase, ao longo do ano 2018, implantar o expediente electrónico coa firma electrónica para a tramitación dos contratos menores, delegando na Concellería de Economía e Facenda a competencia para ditar as oportunas instrucións e aprobar os documentos tipo e procedementos ao efecto.”

Ata o de agora a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes a contratos menores -fase contable AD- recae na Concellería delegada de Economía e Facenda con independencia da materia sobre a que versen, ou da natureza do seu obxecto.

A nova regulación dos contratos menores introducida pola Lei 9/2017, de 8 de novembro -LCSP- incide, fundamentalmente, en dúas cuestións. Por unha banda, diminúe os umbrais cuantitativos que permiten acudir á contratación menor pasando dos 18.000,00 € de valor estimado para servizos e subministracións aos 15.000,00 €, e dos 50.000,00 € para obras a 40.000,00 €. E, por outra banda, esixe que, xunto coa xustificación expresa de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, o órgano de contratación deberá comprobar

que o contratista en cuestión non subscribira máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra establecida como contía máxima para acudir a este procedemento de adxudicación. Sen prexuízo das distintas interpretacións sobre esta norma de incompatibilidade manifestadas polas diferentes Xuntas Consultivas de Contratación (Informe da Xunta Consultiva de Contratación do Estado no expediente 41/2017, Informe 3/2018 de 13.02.2018 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón e Informe 1/2018, de 25 de abril, da Xunta Consultiva de Contratación de Galicia, entre outros), o certo é que a verificación deste requisito por parte do órgano de contratación nunha Administración da entidade do Concello de Santiago de Compostela precisa dun seguimento continuo que, pola súa necesaria inmediatez, proximidade e vinculación obxectiva coas prestacións contratadas, parece lóxico e coherente que o fagan os propios centros xestores, en tanto que posuidores naturais da información precisa para acometer esta tarefa.

Consciente desta nova realidade -cambios operados pola LCSP-e das súas repercusións no funcionamento dos servizos municipais, a Concelleira que subscribe -responsable tamén da área de contratación- promoveu a elaboración por parte do servizo de contratación dunha instrución aclaratoria das principais cuestións introducidas pola nova LCSP sobre contratación menor. No antedito documento, en liña coas novas esixencias legais faise especial fincapé no papel desenvolvido polos centros xestores dende o impulso das propostas de gasto e correlativas actuacións -servizos, subministracións e obras- ata o seu seguimento permanente e recepción final -conformidade dos documentos xustificativos das prestacións efectuadas-.

Polo antedito, na procura da racionalización administrativa, especialización, eficacia e eficiencia na xestión dos asuntos municipais, propónse que sexan as Concelleiras e Concelleiros delegados de cada área os que adopten os acordos de autorización do gasto e adxudicación dos contratos menores vencellados ás materias propias do seu ámbito competencial -sinatura dos decretos correspondentes coa fase contable AD-.

No atinxente ao procedemento indicar que a modificación das bases de execución, en tanto que integrantes do contido do orzamento consonte os artigos 165.1 do TRLFL e 9 do RD 500/1990, precisa dos mesmos trámites que a aprobación deste último previstos no artigo 169 do TRLFL.

Aprobada a modificación inicialmente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles nos que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que xulguen oportunas. A modificación entenderase definitivamente aprobada se no antedito prazo non se presentaran reclamacións, do contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Por todo o antedito propoño:

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 23.3 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018 no sentido prever que a competencia para autorizar e comprometer os gastos -fase contable AD- derivados dos contratos menores de importe superior a 3.000,00 € lle corresponda ás distintas Concellerías delegadas en función de que a materia obxecto da contratación afecte ao ámbito de actuación das áreas que encabezan, estruturadas por centros xestores, e sen prexuízo da realización dos restantes trámites administrativos que sexan precisos para efectuar semellante atribución competencial.

Polo antedito, o artigo 23.3 das bases de execución do orzamento para este exercicio 2018, trala modificación proposta, queda como segue:

3. No caso de tratarse de propostas de gasto superiores a 3.000,00 euros e menores de 15.000,00 euros, ou menores de 40.000,00 euros, tratándose de obras (IVE non engadido), os departamentos xestores presentarán propostas de gasto específicas, indicando o número do AD previo, con inclusión do expediente de contratación cos requisitos que a normativa determine para cada caso, xunto cos datos do adxudicatario proposto. De tratarse de contratos menores suxeitos a Lei de contratos, aplicarase o procedemento e requisitos regulamentados no artigo 38 destas Bases.

Trala presentación de ditas propostas, a autorización e disposición de gasto será aprobada pola Concellería delegada competente por razón da materia. Pola Intervención municipal procederase á súa contabilización mediante documento contable AD o cal será remitido ao departamento xestor.

Trala realización do gasto, as factura/s correspondentes farán constar o número de documento contable AD que corresponda, que lle terá sido comunicado polo departamento xestor no momento do encargo do gasto ao seu adxudicatario. Unha vez conformada a factura/s polo departamento xestor, nos termos indicados no artigo 24, procederase pola Concellería delegada de Economía e Facenda a recoñecer a obriga correspondente.

Procurarase, ao longo do ano 2018, implantar o expediente electrónico coa firma electrónica para a tramitación dos contratos menores, delegando na Concellería de Economía e Facenda a competencia para ditar as oportunas instrucións e aprobar os documentos tipo e procedementos ao efecto.”

Segundo.- Na tramitación do expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

Terceiro.- Esta modificación das bases de execución entenderase definitivamente aprobada se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.”

A citada proposta foi obxecto de informe por parte de intervención municipal, núm. 413/2018, de data 6 de xullo do corrente ano, e que figura no expediente.

Así mesmo figura acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de xullo de 2018, relativo ao proxecto de modificación das bases.

Auséntase do salón de plenos, a concelleira Dona M^a JoséCorral López.

Rematado o debate, e á vista da proposta transcrita máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á sesión ordinaria do día 12 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (8 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 23.3 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018 no sentido prever que a competencia para autorizar e comprometer os gastos -fase contable AD- derivados dos contratos menores de importe superior a 3.000,00 € lle corresponda ás distintas Concellerías delegadas en función de que a materia obxecto da contratación afecte ao ámbito de actuación das áreas que encabezan, estruturadas por centros xestores, e sen prexuízo da realización dos restantes trámites administrativos que sexan precisos para efectuar semellante atribución competencial.

Polo antedito, o artigo 23.3 das bases de execución do orzamento para este exercicio 2018, trala modificación proposta, queda como segue:

“3. No caso de tratarse de propostas de gasto superiores a 3.000,00 euros e menores de 15.000,00 euros, ou menores de 40.000,00 euros, tratándose de obras (IVE non engadido), os departamentos xestores presentarán propostas de gasto específicas, indicando o número do AD previo, con inclusión do expediente de contratación cos requisitos que a normativa determine para cada caso, xunto cos datos do adxudicatario proposto. De tratarse de contratos menores suxeitos a Lei de contratos, aplicárase o procedemento e requisitos regulamentados no artigo 38 destas Bases.

Trala presentación de ditas propostas, a autorización e disposición de gasto será aprobada pola Concellería delegada competente por razón da materia.Pola Intervención

municipal procederase á súa contabilización mediante documento contable AD o cal será remitido ao departamento xestor.

Trala realización do gasto, a/s factura/s correspondentes farán constar o número de documento contable AD que corresponda, que lle terá sido comunicado polo departamento xestor no momento do encargo do gasto ao seu adxudicatario. Unha vez conformada a/s factura/s polo departamento xestor, nos termos indicados no artigo 24, procederase pola Concellería delegada de Economía e Facenda a recoñecer a obriga correspondente.

Procurarase, ao longo do ano 2018, implantar o expediente electrónico coa firma electrónica para a tramitación dos contratos menores, delegando na Concellería de Economía e Facenda a competencia para ditar as oportunas instrucións e aprobar os documentos tipo e procedementos ao efecto.”

Segundo.- Na tramitación deste expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

Terceiro.- Esta modificación das bases de execución entenderase definitivamente aprobada se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.

8. PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN COS TÍTULOS, HONRAS E CONDECORACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO PARA O ANO 2018.

A proposta da Alcaldía de data 9 de xullo do corrente ano ten o seguinte contido:

“1.-Na sesión plenaria do 24/05/2018 aprobouse inicialmente o Regulamento Títulos, Honras e Condecoracións do Concello de Santiago de Compostela.

2.-Con data 01/06/2018 ábrese o período de información pública, rematando o prazo para a presentación de alegacións o mércores, 13 de xullo de 2018.

Por todo isto, co obxecto de non dilatar máis a entrega dos títulos, honras e condecoracións correspondentes ao ano 2018 e de acordo co falado en diversas xuntanzas da Comisión Asesora de Honras e Condecoracións, o Alcalde de Santiago de Compostela, Martiño Noriega Sánchez, presenta para a súa aprobación no Pleno a seguinte **PROPOSTA**:

1.- Nomear **ALCALDE DE HONRA** a D. ÁNSEL CASAL GOSENXE.

2.- Nomear **FILLO ADOUTIVO** a D.FEDERICO GARCÍA LORCA.

3.- Nomear **FILLAS ADOUTIVAS** a DNA. BEGOÑA CAAMAÑO.

4.-Nomear **FILLOS PREDILECTOS** a:

D. RAMÓN CASTROMIL.

D. BIBIANO MORÓN E BENEDICTO GARCÍA VILLAR.

5.-Nomear **FILLA PREDILECTA** a DNA. XOHANA TORRES.

6.-Conceder a **MEDALLA DE OURO DA CIDADE** a:

ASOCIACIÓN CANTIGAS E AGARIMOS con mención especial ás agrupacións folclóricas da cidade; BRINCADEIRA, COLEXIATA DE SAR E ULTREIA.

D.JOSÉ OTERO OTERO.

7.-Aprobar a denominación de **ESPAZO EDUCATIVO E DE LECER “MARÍA MIRAMONTES”** ao edificio onde estará ubicada a Ludoteca de As Fontiñas.

8.-Iniciar o procedemento para a retirada dos títulos, honras e condecoracións recibidas no seu día, en plena Ditadura, e en estrita aplicación da Lei da Memoria Histórica, ás seguintes persoas:

D. JOSÉ SOLÍS RUIZ.

D. PEDRO NIETO ANTÚNEZ.

D. ROMÁN GARICAÑO GOÑI.

D. GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA.

D. FEDERICO SILVA MUÑOZ.

D. MANUEL LORA TAMAYO.

D. ADOLFO DÍAZ AMBRONA.

D. JOSÉ ANTONIO GIRÓN DE VELASCO.

D. LAUREANO LÓPEZ RODÓ.”

O grupo municipal do BNG presentou con data 18 de xullo do corrente e número de rexistro 219, emenda de engádegas e que foi substituída por unha transaccional presentada pola Alcaldía, na que se inclúe a do BNG, e que ten o seguinte contido:

“Aceptada a emenda presentada polo grupo municipal do BNG, rexistro de entrada 219 e data 18/07/2018 e acordado na Xunta de Portavoces celebrada o 19/07/2018, engádese á proposta inicial un novo punto:

9.-Que se inclúan como nomes de rúas os seguintes nomes:

-Rosa Bassave
-Concha Castroviejo
-Elena Marcu
-María Tobío
-Mari Luz Morales
-Pepa Noia e as nais de Praza de Maio

-Denominar Pablo Leis Antelo (ferreiro) á rúa coñecida como Costa do Vedor sen saída, actualmente sen nome.
-Denominar Vivencio Freire unha rúa ou praza da cidade de Santiago de Compostela no barrio do Castiñeiriño.
-Denominar co nome de Begoña Caamaño ao parque das Fontiñas.”

Incorpórase á sesión Dona M^a JoséCorral López.

Xa que logo á vista da proposta transcrita, e tras a incorporación da emenda presentada, o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- Nomear **ALCALDE DE HONRA** a D. ÁNCEL CASAL GOSENXE.

2.- Nomear **FILLO ADOUTIVO** a D.FEDERICO GARCÍA LORCA.

3.- Nomear **FILLAS ADOUTIVAS** a DNA. BEGOÑA CAAMAÑO.

4.-Nomear **FILLOS PREDILECTOS** a:

D. RAMÓN CASTROMIL.

D. BIBIANO MORÓN E BENEDICTO GARCÍA VILLAR.

5.-Nomear **FILLA PREDILECTA** a DNA. XOHANA TORRES.

6.-Conceder a **MEDALLA DE OURO DA CIDADE** a:

ASOCIACIÓN CANTIGAS E AGARIMOS con mención especial ás agrupacións folclóricas da cidade; BRINCADEIRA, COLEXIATA DE SAR E ULTREIA.

D.JOSÉ OTERO OTERO.

7.-Aprobar a denominación de **ESPAZO EDUCATIVO E DE LECER “MARÍA MIRAMONTES”** ao edificio onde estará ubicada a Ludoteca de As Fontiñas.

8.-Iniciar o procedemento para a retirada dos títulos, honras e condecoracións recibidas no seu día, en plena Ditadura, e en estrita aplicación da Lei da Memoria Histórica, ás seguintes persoas:

D. JOSÉ SOLÍS RUIZ.
D. PEDRO NIETO ANTÚNEZ.
D. ROMÁN GARICAÑO GOÑI.
D. GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA.
D. FEDERICO SILVA MUÑOZ.
D. MANUEL LORA TAMAYO.
D. ADOLFO DÍAZ AMBRONA.
D. JOSÉ ANTONIO GIRÓN DE VELASCO.
D. LAUREANO LÓPEZ RODÓ.

9.-Que se inclúan como nomes de rúas os seguintes:

-Rosa Bassave
-Concha Castroviejo
-Elena Marcu
-María Tobío
-Mari Luz Morales
-Pepa Noia e as nais de Praza de Maio

-Denominar Pablo Leis Antelo (ferreiro) á rúa coñecida como Costa do Vedor sen saída, actualmente sen nome.

-Denominar Vivencio Freire unha rúa ou praza da cidade de Santiago de Compostela no barrio do Castiñeiriño.

-Denominar co nome de Begoña Caamaño ao parque das Fontiñas.

9. PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA O NOMEAMENTO DE CONCELLEIRO SUBSTITUTO NA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS.

A proposta da alcaldía de data 16 de xullo de 2018, ten o seguinte contido:

“1.-Na sesión plenaria do 16/02/2017 aprobouse por unanimidade a adhesión á Asociación de Concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do Camiño Inglés de Santiago (Asociación de Concellos do Camiño Inglés) e a proposta de estatutos para a súa constitución e funcionamento.

2.-No punto 3 do acordo da devandita sesión plenaria recollíase:

“Designar ao Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, D. Martiño Noriega Sánchez, como representante titular da Corporación na devandita Asemblea e na constitución da futura Asociación e a Marta Lois González concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, como suplente.”

3.-Por motivos organizativos propónse a substitución da concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo polo concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais, Jorge Duarte Vázquez para exercer de suplente da Alcaldía na Asociación do Camiño Inglés.”

Xa que logo, á vista da proposta da Alcaldía transcrita, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondente aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda designar ao concelleiro Don Jorge Duarte Vázquez para exercer de suplente da alcaldía na Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS ACCESOS VIARIOS ESTRUTURANTES DOS PARQUES EMPRESARIAIS DE COSTA VELLA E DA SIONLLA.

O texto da proposición do epígrafe, presentada con rexistro de entrada o día 6 de xullo do corrente ano, e número 192, ten o seguinte contido:

“A finais do ano 2017 os servizos municipais do Concello procederon á reordenación das rotondas inferiores que forman parte do enlace nº 1A da estrada nacional SC-20 (Periférico). O motivo de dita reordenación foi debido a que o progresivo incremento dos espazos comerciais implantados nos parques empresariais de Costa Vella e da Sionlla, provoca elevados fluxos de tráfico de vehículos particulares que, en períodos de alta actividade comercial, chegan a colapsar este punto de acceso e, frecuentemente, alcanzan os carrís de circulación do Periférico e tamén o enlace nº 1B supoñendo un grave risco para a seguridade viaria.

Se ben a solución adoptada reduce a incidencia na circulación do Periférico, resulta unha medida provisional a curto prazo, xa que a circulación dentro do enlace segue colapsándose e continúan incrementándose os espazos comerciais na zona como foco de atracción de Santiago de Compostela e da súa bisbarra.

O deseño do enlace polo Ministerio de Fomento foi previsto no momento da súa construción como punto de acceso dende o Periférico ao recinto feiral de Amio e aos

viarios locais existentes. Durante o desenvolvemento do parque empresarial de Costa Vella polo Concello a través de EMUVISSA, foi parcialmente reordenado para permitir a posta en funcionamento do parque coa premisa de ser unha solución provisional ata a construción dos accesos estruturantes principais do parque empresarial de A Sionlla por parte da Xunta de Galicia a través de XESTUR A Coruña.

Con todo, estes accesos principais estruturantes non se atopan executados na súa totalidade e non son funcionalmente operativos, o que provoca que a maior parte dos tráfico utilicen principalmente o enlace do Periférico e secundariamente a Rúa do País Vasco. A finalización dos accesos estruturantes principais dos parques empresariais resulta imprescindible, tanto para evitar o colapso do enlace co Periférico como para mellorar o atractivo do solo industrial vacante para novas actividades empresariais.

Por todo lo antedito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE propón ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte

PROPOSICIÓN:

Que se inste as administracións supramunicipais, Administración do Estado e Xunta de Galicia, para que impulsen o desenvolvemento e a execución das seguintes actuacións que permitan a finalización dos accesos estruturantes principais aos parques empresariais de Costa Vella e da Sionlla:

- Finalización do tramo de acceso pendente ao parque empresarial da Sionlla e previsto no seu proxecto sectorial no ámbito de reserva de solo establecido para tal finalidade no planeamento de detalle do polígono urbanístico SUNP-37-3º.
- Execución da conexión de dito acceso coa estrada nacional N-550 no lugar de Formarís mediante a solución construtiva que se acorde co Ministerio de Fomento e facilite no futuro a continuidade do cinto orbital e o acceso aos polígonos urbanísticos SUNP-37-3º e SUNP-38.
- Construción do novo enlace norte da autoestrada AP-9 proxectado polo Ministerio de Fomento e liberación do peaxe no tramo cara a zona urbana de Santiago de Compostela.”

Auséntase da sesión o concelleiro, Don Rubén Cela Díaz.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Instar ás administracións supramunicipais, Administración do Estado e Xunta de Galicia, para que impulsen o desenvolvemento e a execución das seguintes actuacións que permitan a finalización dos accesos estruturantes principais aos parques empresariais de Costa Vella e da Sionlla:

- Finalización do tramo de acceso pendente ao parque empresarial da Sionlla e previsto no seu proxecto sectorial no ámbito de reserva de solo establecido para tal finalidade no planeamento de detalle do polígono urbanístico SUNP-37-3º.
- Execución da conexión de dito acceso coa estrada nacional N-550 no lugar de Formarís mediante a solución construtiva que se acorde co Ministerio de Fomento e facilite no futuro a continuidade do cinto orbital e o acceso aos polígonos urbanísticos SUNP-37-3º e SUNP-38.
- Construción do novo enlace norte da autoestrada AP-9 proxectado polo Ministerio de Fomento e liberación do peaxe no tramo cara a zona urbana de Santiago de Compostela.

11. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A POSTA EN MARCHA DE MEDIDAS PARA PROMOVER A VISITA DE EDIFICIOS HISTÓRICOS DE DIFÍCIL DE ACCESO PÚBLICO.

Con data 6 de xullo de 2018, número de rexistro 193, presentouse proposición co seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das primeiras iniciativas aprobadas no actual mandato foi a presentada polo Grupo Popular na que se propoñía a intervención e mediación do Concello para facilitar as visitas a edificios de carácter histórico e cultural. Tratábase de procurar a ampliación de horarios de visita de certos monumentos de interese cultural e artístico que, pola falta de persoal para ese fin, apenas poden ser coñecidos no seu interior, tanto pola veciñanza como pola inmensa maioría das persoas que visitan a cidade.

Daquela citábanse, entre os edificios susceptibles desa promoción, a Colexiata de Sar, os conventos do Carme, de Santa Clara, das Madres Mercedarias ou a Igrexa de San Frutuoso. Son unha mostra de lugares singulares onde a visita só é posible coincidindo co horario de celebracións puntuais, que acubillan valiosas mostras de arte e en cuxo mantemento e recuperación ten colaborado en maior ou menor medida o Concello, a

través do Consorcio da Cidade, cuestión que debe ser valorada e tida en conta para o fin perseguido.

A cuestión comporta un indubidable interese por canto significa acrecentar o poder de atracción cultural e turístico da cidade, coa posta a disposición de novos e valiosos espazos de referencia que, ademais da incidencia directa para as persoas residentes, supoñen un maior estímulo para a prolongación da estadía na cidade, un dos obxectivos prioritarios na estratexia de desenvolvemento turístico.

Conforme a ese interese, o acordo aprobado en setembro de 2015 instaba ao Goberno municipal a que “promova unha liña de colaboración coa Xunta de Galicia e coas entidades titulares daqueles edificios de carácter histórico e cultural que teñan limitacións no horario de visitas ao seu interior, na procura dunha medida que poida facilitar o acceso público e a posta en valor dese patrimonio.”

Neses case tres anos transcorridos, nada se ten feito ao respecto ou, cando menos, ningunha medida concreta se ten adoptado desde o Goberno para iniciar, e moito menos acadar, a finalidade proposta. E iso a pesar da boa disposición que teñen demostrado as persoas responsables das entidades titulares para colaborar na difusión do legado que contribúen a manter.

É obvio que non se trata de que o Concello achegue persoal nin recursos excesivos para a súa capacidade orzamentaria, senón de impulsar con vontade, imaxinación e capacidade de xestión un traballo que logre unir ás partes implicadas, acordar posibles vías de participación e atopar a fórmula que faga posible unha medida que debería ser beneficiosa para todos.

Por iso, e coa intención de activar a acción de Goberno e avanzar na consecución dese obxectivo, o Grupo Municipal Popular proponlle ao conxunto da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao correspondente órgano do Goberno a que:

1.- Coa maior urxencia posible elabore un inventario básico daqueles edificios do termo municipal que reúnan un interese especial desde o punto de vista histórico e cultural e que presenten acusadas limitacións para o acceso público, coa finalidade de ampliar as posibilidades para o seu coñecemento por parte da veciñanza e visitantes en xeral.

2.- Tomando como punto de partida o documento anterior, proceda a convocar o Consello Municipal de Turismo para abordar no seu seo as accións a desenvolver para lograr a citada finalidade, mediante unha planificación eficaz e realista que defina os horarios máis axeitados para cada edificio considerado, a valoración dos custos económicos da medida e á fórmula para asumir eses custos de forma consensuada entre as distintas entidades interesadas.

3.- Traballar co obxectivo de que a principios do vindeiro ano se poidan ter logrado as posibilidades de acceso de algún edificio histórico e cultural como froito do labor da Comisión e difundir a súa posta a disposición da veciñanza e das persoas que nos visitan.”

Con data rexistro do día 18 de xullo de 2018 e número 220, o BNG presentou emenda de adición a anterior proposición, que propón engadir dous puntos 4 e 5, co seguinte contido:

“4. O Concello de Santiago instará ao Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela a que as futuras rehabilitacións de edificios, monumentos e xardíns que realice se acondicionen a acordos de apertura ao público.

5. O Concello de Santiago explorará a posibilidade de asignar novos usos a edificios históricos que estean infrautilizados tras a súa rehabilitación.”

Reincorpórase a sesión o señor Cela Díaz.

Rematado o debate e tras ser aceptada a emenda por unanimidade, o Pleno da Corporación por unanimidade acordainstar ao correspondente órgano do goberno a que:

1. Coa maior urxencia posible elabore un inventario básico daqueles edificios do termo municipal que reúnan un interese especial desde o punto de vista histórico e cultural e que presenten acusadas limitacións para o acceso público, coa finalidade de ampliar as posibilidades para o seu coñecemento por parte da veciñanza e visitantes en xeral.

2. Tomando como punto de partida o documento anterior, proceda a convocar o Consello Municipal de Turismo para abordar no seu seo as accións a desenvolver para lograr a citada finalidade, mediante unha planificación eficaz e realista que defina os horarios máis axeitados para cada edificio considerado, a valoración dos custos económicos da medida e á fórmula para asumir eses custos de forma consensuada entre as distintas entidades interesadas.

3. Traballar co obxectivo de que a principios do vindeiro ano se poidan ter logrado as posibilidades de acceso de algún edificio histórico e cultural como froito do labor da Comisión e difundir a súa posta a disposición da veciñanza e das persoas que nos visitan.

4. Instar ao Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela a que as futuras rehabilitacións de edificios, monumentos e xardíns que realice se acondicionen a acordos de apertura ao público.

5. Explorar a posibilidade de asignar novos usos a edificios históricos que estean infrautilizados tras a súa rehabilitación.

12. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA ABRIR AO PÚBLICO OS EDIFICIOS, MONUMENTOS E XARDÍNS REHABILITADOS POLO CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.

A proposición do epígrafe foi retirada.

13. DAR CONTA DE ESCRITO DO BNG DE CAMBIO DE PORTAVOZ E REPRESENTANTE NO CONSELLO ASESOR DE CONDECORACIÓNS.

Dáse conta de escrito do grupo municipal do BNG, presentado con data 9 de xullo, número 31475, de modificación da portavocía do devandito grupo pasando a ser portavoz dona GorettiSannmartín Rei e portavoz suplente don Rubén Cela Díaz.

Así mesmo, tamén se da conta en escrito da mesma data número 31477, de cambio de representante do devandito grupo no Consello Asesor de Condecoracións, que pasa a ser dona GorettiSanmartín Rei.

Previa declaración de urxencia, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acordou incluír neste punto da orde do día o escrito de renuncia a ter representación en XADE do grupo municipal Socialista,do que se da conta:

14. DAR CONTA DE ESCRITOS DO BNG E DO PSdeG-PSOE DE RENUNCIA A TER REPRESENTACIÓN EN XADE.

Con datas 3 e 17 de xullo do corrente ano e números de rexistro 30380 e 33070, os grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e do PSdeG-PSOE,manifestan que renuncian a ter representación na empresa XADE.

15. DAR CONTA DA ELEVACIÓN Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.

Dáse conta da elevación á aprobación definitiva do Regulamento de Funcionamento do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade aprobado inicialmente na sesión ordinaria do día 15 de marzo de 2018 e publicado no BOP do día 28 de marzo de 2018, e ao que non se presentaron reclamacións e suxestións durante o trámite de información pública, polo que se entende aprobado definitivamente.

O texto íntegro do devandito Regulamento foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de data 17 de xullo do corrente ano.

16. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas no período comprendido entre o 4 e o 20 de xuño de 2018 (núms. 3971-4526).

Así mesmo, dáse conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta nº 43/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 1 de xuño de 2018.
Acta nº 44/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 8 de xuño de 2018.
Acta nº 45/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 13 de xuño de 2018.
Acta nº 46/2018, correspondente a sesión extraordinaria urxente celebrada o día 14 de xuño de 2018.
Acta nº 47/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 15 de xuño de 2018.
Acta nº 48/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 18 de xuño de 2018.
Acta nº 49/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 22 de xuño de 2018.
Acta nº 50/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 25 de xuño de 2018.
Acta nº 51/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2018.

17. DECLARACIÓN INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

**A PROL DA REGULARIZACIÓN DA EDUCACIÓN SOCIAL.
EN APOIO Á PLATAFORMA CASALONGA LIMPA DE RESIDUOS.**

PARA MOSTRAR O SEU APOIO Á CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS DE 2019 DEDICADO A ANTÓN FRAGUAS.

A proposición que figuraba na orde do día da sesión, en relación ao caso da “Manada”, pasa a ser tratada como moción.

Seguidamente, o Pleno da Corporación, co voto unánime de todos/as concelleiros e concelleiras, aprobou a seguinte declaración institucional, que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (CA, PP, PSdeG-PSOE e BNG):

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA A PROL DA REGULARIZACIÓN DA EDUCACIÓN SOCIAL

LIMIAR

A profesión de Educador/a Social adquire rango universitario en 1991, coa publicación do Real Decreto 1420/1991, que xorde despois dunha ampla mobilización social reivindicativa do papel relevante deste perfil profesional no desenvolvemento das políticas sociais e educativas.

A figura da Educadora e do Educador Social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se move nos campos da inadaptación, da alfabetización, da exclusión, da marxinación social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etc.

Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e se foron matizando nas últimas décadas co fin de construír unha identidade profesional da Educación Social. A súa rápida expansión é o reflexo do carácter dinámico, socializador e de transformación social da figura da Educadora e do Educador Social.

O Ministerio de Educación e Ciencia incorpora de maneira oficial a titulación de Educación Social tras a aprobación de Real Decreto 1420/1991, de 30 de agosto, polo cal se establece o Título Universitario Oficial de Diplomatura en Educación Social, proporcionando de esta maneira a formación profesional básica ás/aos futuras/os profesionais, a través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar.

Como profesión de carácter pedagógico que desenvolve a súa actividade nunha gran variedade de contextos sociais, entre os que está o educativo, desenvolveuse un amplo discurso, froito da rica experiencia das/os profesionais e a súa confluencia co mundo académico universitario, ao que debemos engadir, o desenvolvemento das estruturas de participación e regulación da profesión, con colexios profesionais de Educación Social en practicamente todas as Comunidades Autónomas (en Galicia dende o 2001), así como a creación do Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales, no ano 2006.

A día de hoxe, o seu papel é fundamental no ámbito dos servizos sociais nun Estado Social e Democrático de Dereito xa que a súa intervención garante dereitos tan básicos para a cidadanía como son a igualdade e a xustiza social. As/os profesionais da educación social traballan co obxectivo de axudar nun proceso de socialización que é clave para acadar unha sociedade máis equitativa, así como para conseguir o dereito ao desenvolvemento persoal que teñen as persoas destinatarias da súa intervención. Melloran competencias e aptitudes, promocionan a autonomía e independencia, prevenen e compensan déficits e inadaptacións sociais, favorecen e participación activa das persoas en grupos así como a creación do tecido social e asociativo, promoven o traballo comunitario..., numerosas e indispensables funcións nunha intervención social sobre a base da educación e da aprendizaxe.

O seu papel no ámbito da xuventude, da cultura, da educación, e dos servizos sociais é clave para completar o abanico de disciplinas que desde distintas perspectivas permiten unha intervención social integral, sobre todo en sectores clave como é o dos menores e as familias.

Non obstante, pese a innegable contribución ao benestar social e ao recoñecemento da profesión como tal cuns estudos universitarios que a avalan e un colexio profesional que a representa, a falta de regularización da educación social fai que non estean claros os límites e o alcance da mesma, tanto nas entidades públicas, nas entidades privadas como no terceiro sector. Este descoñecemento implica que con frecuencia se asignen a outras/os profesionais do ámbito social, funcións propias das educadoras e educadores sociais.

Estas circunstancias poñen de manifesto a necesidade dunha regulación da profesión da Educación Social como instrumento que visibilice, dignifique e reivindique o seu papel como axente de cambio na nosa sociedade.

O colectivo de educadoras e educadores sociais, así como outras cidadás e cidadáns, teñen presentado multitude de solicitudes de petición de regularización da profesión de Educación Social a través dunha lei. Moitas entidades e institucións manifestaron tamén o seu apoio a esta iniciativa, entre os que se pode mencionar a modo de exemplo a

Deputación de Jaén, Deputación de Sevilla, Deputación de Córdoba, Deputación de Almería, Deputación de Cádiz, Deputación de Segovia, Deputación de León, Deputación de Valladolid, Cabildo de Gran Canaria, Universidade de Extremadura, Facultade de Educación da Universidade de Salamanca, Facultade de Educación do Campus de Ourense (Universidade de Vigo), Parlamento de Navarra, Cortes de Aragón, así como numerosos concellos nas diferentes comunidades autónomas.

Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela adopta os seguintes **ACORDOS**:

1. Instar á Xunta de Galicia á Regularización da Profesión da Educación Social en Galicia a través dunha Lei Galega de Profesionalización da Educación Social.
2. Instar á Presidencia do Goberno de España a desenvolver unha Lei de Regularización da profesión de Educación Social, a nivel estatal.

O Pleno da Corporación, co voto unánime de todos/as concelleiros e concelleiras, aprobou a seguinte declaración institucional, que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (CA, PP, PSdeG-PSOE e BNG) e que figuraba na orde do día da sesión como moción:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO EN APOIO Á PLATAFORMA CASALONGA LIMPA DE RESIDUOS

LIMIAR

Casalonga Limpa de Residuos é unha plataforma creada pola veciñanza afectada polo proxecto da empresa Toysal de construír unha planta de residuos nos terreos da antiga canteira da Casalonga, á beira da estrada N550 entre Santiago e Padrón. O seu obxectivo principal é divulgar o problema e concienciar a todas as persoas afectadas das implicacións reais individuais e colectivas de situar este proxecto en Casalonga.

A finca na que a empresa Toysal pretende construír a súa planta de residuos que está localizada tan só a uns 25 metros da estrada N550 á altura da Casalonga, situándose algunha das casas máis achegadas a uns 230 metros da finca. Na contorna e rodeando todo o monte, no que se sitúa a antiga canteira de áridos, atópanse os lugares de O Vilar, O Faramello, Rúa de Francos, Casalonga, Osebe, Ameneiro, Texexe, Socastro, Mouromorto, O Casal, Cantoña e Cornide, os máis próximos a menos de 550 metros do seu perímetro e todos a menos de 1000 metros. A poboación media de cada un destes lugares supera os 200 habitantes, situando nesta zona cero a máis de 2000 persoas. Se ampliamos o radio a 2000 metros da canteira veranse afectadas outras parroquias como Luou, Calo, Bugallido, Ortoño, Bastavales etc, resultando afectadas en torno a unhas 69.000 persoas.

Se temos en conta a calidade das augas e o aire, o tránsito de camións pesados ou cheiros levados polos ventos predominantes veríanse tamén afectados concellos como o de Santiago de Compostela, Pontecesures, Valga e todos os da ría de Arousa.

No tocante aos servizos existentes, a actividade da planta de residuos afectaría a escolas, colexios, centros de saúde, casas de turismo rural, albergues do Camiño portugués, hostalaría etc. A actividade agrícola é intensa en todos os lugares que rodean á canteira, aínda que a produción está adicada case integramente ao autoconsumo.

No referente aos elementos patrimoniais da contorna, a localización da planta de residuos é pouco idónea dada a existencia nun radio de 2 km de dous castros, catro carballeiras, agrupacións de petroglifos, capelas e cruceiros, unha ponte romana, varios núcleos protexidos etc. Todo isto fai que a zona aumentara nos últimos anos o número

de visitantes dada a posta en valor dos mencionados elementos levada a cabo tanto por institucións como por asociacións e particulares da zona.

A empresa Toysal S.L. presentou o pasado mes de decembro, a solicitude de Autorización Ambiental Integrada, e simultaneamente informe ao Concello de Teo sobre compatibilidade urbanística. Solicitado o informe, o Concello requiriu da promotora copia do proxecto, coñecendo así as características básicas dunha planta que, nunha primeira valoración técnica, vai ter unha grave repercusión e incidencia sobre a vida e a actividade de todos os núcleos urbanos e rurais do seu arredor.

Hai que recordar que nos últimos anos a Xunta de Galicia promove lexislación que provoca a progresiva liberalización e desregularización das actividades e usos do solo rústico, en especial a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, con consecuencias graves e moi perigosas para o noso termo municipal, como neste caso ou no caso das pirotecnias, por todos xa coñecidos.

Á vista do proxecto, e preocupados polo impacto que podía ter unha instalación destas características preto dunha zona residencial e cunha alta densidade de poboación, desde o Concello de Teo convocouse á veciñanza o día 15 de maio para informar dos datos que se teñen ata o momento. A veciñanza teñense reaccionou rapidamente coa creación da Plataforma que xa está a dar os seus primeiros pasos na mobilización contra esta instalación.

Desde o Concello de Santiago de Compostela apoiamos os obxectivos da Plataforma e mostramos a nosa preocupación ante a instalación dunha planta que pode non só causar problemas medioambientais graves, senón xerar un grave impacto na poboación que reside arredor da mesma.

Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela acorda amosar o apoio á veciñanza do concello de Teo afectada polo proxecto dunha planta de xestión de residuos no lugar de Casalonga e **ACORDA**:

Instar ao Concello de Teo e a Xunta de Galicia a:

Que adopten todas as medidas necesarias, de forma conxunta e coordinada, desde un punto de vista institucional como administrativo e respectando a legalidade vixente, para evitar a instalación da citada planta de reciclaxe na Casalonga.

Que se impulsen os cambios lexislativos necesarios para que estas situacións, e outras de igual gravidade, non se dean en solos próximos a zonas residenciais de Galicia.

O Pleno da Corporación, co voto unánime de todos/as concelleiros e concelleiras, aprobou a seguinte declaración institucional, que foi incluída por urxencia por unanimidade de todos os/as concelleiros e concelleiras na devandita sesión e que venasina polo portavoces dos catro grupos políticos municipais (CA, PP, PSdeG-PSOE e BNG):

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO PARA MOSTRAR O SEU APOIO Á CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS DO 2019 DEDICADO A ANTÓN FRAGUAS

Antón Fraguas protagonizará o Día das Letras Galegas de 2019. Así o acordou o pasado 7 de xullo de 2018 o Pleno da Real Academia Galega celebrada na sede da institución, na Coruña.

Fraguas, foi membro das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos na mocidade. Estudou Filosofía e Letras en Compostela, cidade na que deu clase na universidade e, posteriormente no Instituto Rosalía de Castro. Traballou no Instituto Padre Sarmiento, na biblioteca da Sociedade Económica de Amigos do País, foi director do Museo Municipal e posteriormente vencellou o seu inesquecible labor a prol do Museo do Pobo Galego, do que foi director e presidente do Padroado.

A biografía de Antón Fraguas é un percorrido por boa parte da historia galega do século XX. Dedicou a súa vida ao estudo da cultura e do territorio galegos desde distintos eidos. Cos seus traballos e conferencias contribuíu ademais a defender o galego como lingua de expresión válida para calquera coñecemento.

Recibiu, entre outras distincións, o Pedrón de Ouro, a Medalla Castelao, o Premio Trasalba, a Medalla ao Mérito Cidadán e Cultural do Concello de Santiago, o Premio de Investigación e o Premio das Letras e das Artes da Xunta de Galicia, ou o nomeamento de cronista xeral de Galicia.

Por todo o exposto, o Concello de Santiago de Compostela celebra con intensa satisfacción o acordo plenario da Real Academia Galega polo que o Día das Letras Galegas de 2019 que estará dedicado a Antón Fraguas, polo que **ACORDA:**

O Concello de Santiago de Compostela, coma membro do Padroado do Museo do Pobo Galego e da Fundación Antón Fraguas, celebrará o Día das Letras Galegas do 2019 cunha programación expandida dedicada a Antón Fraguas, o cal ampliou a nosa vivencia e memoria do pasado común e sumou con intensa forza para construír o activo presente cultural que hoxe gozamos en Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago comprométese a desenvolver unha ampla actividade cultural co

obxectivo de lembrar e reivindicar a aportación da figura e obra de Antón Fraguas, e facelo non só o propio Día das Letras, 17 de Maio de 2019, senón a desenvolver, en colaboración con outras institucións culturais da cidade, onde o homenaxeado deixou unha pegada profunda co seu aporte vital e académico, unha programación anual de forte impacto en todo o territorio municipal a través dos centros educativos, cívicos e culturais.

Faise un descanso cando son as 19:25 horas e reanúdase a sesión ás 19:50 coa incorporación a sesión de todos e todas os/as concelleiros e concelleiras.

A señora viceinterventora auséntase da sesión e xa non se reincorpora a mesma.

18. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

ROGOS:

- Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 2 de xullo de 2018, núm. 187.
- Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 4 de xullo de 2018, núm. 190.
- Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de xullo de 2018, núm. 197.
- Do grupo municipal do BNG de data 10 de xullo de 2018, núm. 201.
- Do grupo municipal do BNG de data 10 de xullo de 2018, núm. 202.
- Do grupo municipal do BNG de data 10 de xullo de 2018, núm. 203.
- Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de xullo de 2018, núm. 207.
- Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de xullo de 2018, núm. 208.

PREGUNTAS RESPOSTA ORAL:

- Do grupo municipal do Partido Popular de data 6 de xullo de 2018, núm. 194.
- Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de xullo de 2018, núm. 209.
- Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de xullo de 2018, núm. 210.
- Do grupo municipal do BNG de data 11 de xullo de 2018, núm. 211.
- Do grupo municipal do BNG de data 11 de xullo de 2018, núm. 212.

PREGUNTAS RESPOSTA POR ESCRITO:

- Do grupo municipal do Partido Popular de data 27 de xuño de 2018, núm. 186.
- Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 2 de xullo de 2018, núm. 188.
- Do grupo municipal do Partido Popular de data 4 de xullo de 2018, núm. 189.
- Do grupo municipal do BNG de data 10 de xullo de 2018, núm. 204.

19. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 6 de xullo de 2018, núm. 196, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, a prol da ratificación do tratado para a prohibición das armas nucleares.

Rexistro de entrada do día 9 de xullo de 2018, núm. 198, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a seguridade dos muros de contención e outras melloras no barrio das Fontiñas.

Rexistro de entrada do día 10 de xullo de 2018, núm. 200, presentada polo grupo municipal do BNG, para mellorar os accesos, a sinalización e a divulgación do petroglifo do Castriño de Conxo.

Rexistro de entrada do día 10 de xullo de 2018, núm. 205, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, pola dotación orzamentaria da Lei de benestar animal.

Rexistro de entrada do día 10 de xullo de 2018, núm. 206, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa a implantar paradas antiacoso.

Rexistro de entrada do día 11 de xullo de 2018, núm. 213, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para condenar a violencia e defender os dereitos humanos en Nicaragua.

Rexistro de entrada do día 11 de xullo de 2018, núm. 214, presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, en apoio á Plataforma Casalonga Limpa de Residuos.

Moción de urxencia, rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2018, núm. 221, presentada polo grupo municipal do BNG, para declarar persoas non gratas aos membros da “Manada” (retirada).

A declaración institucional que figura na orde do día relativa ao Caso da Manada, e tratada como moción.

O texto da moción núm. 214, presentada con data 11 de xullo do corrente ano, foi tratada como declaración institucional.

Os textos das mocións tratadas son os que seguen:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA POLA RATIFICACIÓN DO TRATADO PARA A PROHIBICIÓN DAS ARMAS NUCLEARES

Manuel Díos Diz, Concelleiro de Educación e Cidadanía, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**

As armas nucleares son o maior perigo inmediato de extinción da raza humana. Hai xa cincuenta anos, o 1 de xullo de 1968, abríase á sinatura o Tratado Internacional de Non Proliferación Nuclear (NPT, polas súas siglas en inglés), asinado pola gran maioría dos

estados soberanos. Foi un primeiro paso para o control do armamento nuclear, a restrición no seu uso e a promesa da redución dos arsenais existentes de aquela. A este Tratado seguiron outros convenios bilaterais, como os acordos START e AMB entre os EE.UU. e a URSS / Rusia, así como outros tratados multilaterais que prohibiron mesmo os ensaios nucleares.

Estes convenios partían do acordo case universal de que a paz no mundo non podía depender do principio de Destrución Mutua Asegurada; é dicir, que as grandes potencias evitarían os conflitos armados entre elas polo temor a que o rival empregase armas atómicas, o cal levaría a unha resposta equivalente por parte do contrincante. O equilibrio e a paz partían, pois, dun xogo de suma cero onde todos os xogadores perdían e o mundo sufriría unha hecatombe.

No seu lugar, a comunidade internacional decidiu buscar fórmulas que garantisen a redución e mesmo a destrución do arsenal nuclear, como fundamento dunha paz duradeira. A incerteza e os riscos asociados á perda de control sobre o armamento nuclear tras a desmembración da URSS, así como a constatación de que existen -cando menos- cinco estados non asinantes do Tratado NPT que poderían posuír armamento nuclear, obrigou a reformular o seu uso e posesión por parte da comunidade internacional.

Ademais, na última década estamos a comprobar como algúns dos países asinantes do Tratado NPT, incluso membros do Consello de Seguridade da ONU, cuestionan o seu contido ou mesmo incumpren as súas cláusulas. A escalada na investigación atómica de algúns países, xunto coa chegada ao poder de mandatarios que equiparan o “orgullo nacional” coa posesión de armas nucleares, están a crear un mundo máis inseguro. Entre outros exemplos recentes, atópase a ruptura por parte de EE.UU. do acordo sobre o Plan de Acción Integral Conxunto para a limitación ao programa nuclear iraniano, ou os anuncios do presidente ruso sobre novo armamento atómico.

Hai un ano, no mes de xullo de 2017, a ONU adoptou o Tratado sobre a Prohibición de Armas Nucleares, o primeiro que as declara ilegais. A resolución foi aprobada con 122 votos a favor, e prohibe o desenvolvemento, as probas, a produción, adquisición e a posesión de arsenal ou explosivos nucleares. Lamentablemente, numerosos países, entre eles os nove con capacidade nuclear probada, non participaron nas negociacións nin asinaron o tratado. Tampouco foi asinado polos países membros da OTAN, entre eles, o Estado español.

España non posúe armamento nuclear nin foi vítima do seu uso militar, pero si coñece os riscos derivados da súa existencia e almacenaxe, pois 52 anos despois aínda persiste a contaminación radioactiva asociada ao incidente de Palomares, Almería, de 1966; un dos maiores accidentes nucleares da historia. Por esta razón, entre outras, o Estado

español debiera ser un promotor activo da cultura da paz e da prohibición deste tipo de armas.

A paz debe ser cultivada, construída continuamente e compartida mediante o apoio de todas as realidades asociativas, entidades públicas e administracións que promoven a paz como un valor absoluto e primario para a continuidade da vida na terra. É fundamental crear unha cultura de paz e desarme para garantir ás xeracións futuras a oportunidade de vivir nun mundo o máis pacífico posible.

É consabido que Santiago de Compostela é unha Cidade de Paz, e por ese motivo desexa que se asine e se aplique o mencionado Tratado, coa fin de que os obxectivos e principios da Carta fundacional das Nacións Unidas teñan o respaldo do maior número de países, decididos a non abdicar do seu papel de custodios da paz, o medio ambiente e a humanidade.

Polo exposto, sométese ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Instar ao Goberno do Estado a asinar o Tratado sobre a Prohibición de Armas Nucleares aprobado pola ONU en xullo de 2017, a promover a súa sinatura por parte dos países membros da OTAN e demais estados que aínda non o ratificaron, e a levar a cabo, en concordancia coa ONU, as accións diplomáticas multilaterais que conduzan á eliminación definitiva do armamento nuclear.

2.- Dar traslado deste acordo, para o seu coñecemento, ao Goberno do Estado e á Federación Española de Municipios e Provincias.

MOCIÓN SOBRE A SEGURIDADE DOS MUROS DE CONTENCIÓN E OUTRAS MELLORAS NO BARRIO DAS FONTIÑAS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado de abandono que sofre o Barrio das Fontiñas ten sido motivo de constante preocupación e de continuas alusións nos asuntos abordados no Pleno municipal durante o actual mandato, chegando a presentarse por parte dos distintos grupos da oposición media ducia de iniciativas para tratar de resolver cuestións relacionadas co aparcamento, os equipamentos públicos, a seguridade cidadá e as frecuentes inundacións en distintas zonas. Unha das últimas, presentada polo BNG no mes pasado centrábase na deterioración dos parques, a situación das medianas das vías, os pasos de peóns e as necesidades de alternativa para o aparcamento.

Con anterioridade, xa hai máis dun ano -concretamente no mes de xuño de 2017- o Pleno a instancias do Grupo Popular aprobou por unanimidade unha proposición para solicitar que o Goberno local coa maior urxencia posible realizara unha diagnose e a posterior execución das obras para mellorar a seguridade dos muros de contención delimitados por grandes perpiaños sobre os que se asentan unha boa parte das edificacións da zona central do barrio das Fontiñas. A cuestión viña motivada polo derrubo acontecido na rúa Moscova en maio de 2016. A finais de 2017 outro muro de contención entre as rúas París e Luxemburgo tivo que ser apuntalado debido ao seu desprazamento e a beirarrúa foi valada, situación na que permanece a día de hoxe.

A pesar do mandato unánime do Pleno, transcorridos seis meses en declaracións públicas o Goberno recoñecía que aínda ía proceder á contratación dunha asistencia técnica para facer unha primeira diagnose -cuxos resultados se coñecerían en “mes e medio”-, afirmando en relación coa execución das obras que “iranse atendendo as peticións según vaian chegando por vía de urxencia”. Dende entón pasaron outros seis meses sen que se soubera nada do estudo de diagnose e a zona apuntalada da rúa París continúa á espera dunhas obras que ao parecer non se consideran urxentes.

A situación da esquina entre as rúas París e Luxemburgo non é un caso illado. No pasado mes de abril os bombeiros deberon proceder ao valado dunha zona próxima por un desprendemento e hoxe mesmo, realizando un simple percorrido polas proximidades, pódese observar algún outro perpiaño de contención desprazado, como acontece na rúa Bruxelas. Todas estas circunstancias deberían ser motivos suficientes para urxir, tanto o inicio de obras de emerxencia neses lugares xa constatados, como o remate e execución do estudo para a detección doutras patoloxías que puideran detectarse nunha análise máis exhaustiva.

Ademais deste problema prioritario por afectar á seguridade dos residentes nas proximidades destas zonas como para todas as persoas que por alí transitan, o barrio de Fontiñas segue a esperar por outras melloras que a veciñanza vén reclamando e que saltan á vista para todo aquel que percorre as súas rúas: cadros eléctricos obsoletos, sen uso, estragados ou sen a protección necesaria para impedir a súa manipulación; árbores necesitados de poda que impidan as consecuencias negativas sobre as fachadas por unha excesiva proximidade a edificios, así como a reparación e renovación dos seus alcorques; beirarrúas coas lousas levantadas; pavimentos co lastro solto, xardineiras descoidadas, mobiliario urbano deteriorado (os bancos de pedra sen soleira de madeira), mesmo os residentes apuntan a conveniencia de retirar a deteriorada estrutura para bicicletas de aluguer ante a fachada de Área Central e aproveitar ese espazo para autorizar e sinalizar unha zona específica para o aparcamento público de bicicletas.

Todas estas cuestións, que veñen a realzar a necesidade de actuar canto antes no barrio das Fontiñas, motivan a proposta do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao correspondente órgano do Goberno a que:

- 1.- Inicie de inmediato as obras de reparación do muro de contención apuntalado desde finais de 2017 entre as rúas París e Luxemburgo e -conforme aos resultados do estudo de diagnose que xa debería estar rematado- acometa ao longo do ano actual os traballos de rehabilitación e reforzo das demais zonas que se consideren prioritarias.
- 2.- Proceda a executar canto antes as demais obras acordadas por unanimidade nesta zona, incluíndo a revisión para a retirada dos cadros eléctricos da iluminación pública en desuso, dos alcorques das árbores e das beirarrúas.
- 3.- Retirar, polo seu deterioro e falta de uso, a estrutura metálica do antigo servizo de préstamo de bicicletas existente ante a fachada principal de Área Central para destinar o seu lugar -convenientemente equipado e sinalizado- a unha área libre de estacionamento público de bicicletas.
- 4.- Realizar o proxecto de renovación da rúa Atenas e reformular o acceso e o aparcamento na contorna do Pavillón Polideportivo das Fontiñas.

MOCIÓN PARA MELLORAR OS ACCESOS, A SINALIZACIÓN E A DIVULGACIÓN DO PETRÓGLIFO DO CASTRIÑO DE CONXO

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa á necesidade de mellorar os accesos, a sinalización e a divulgación do petróglifo do Castriño de Conxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os accesos ao petróglifo do Castriño de Conxo están cheos de vexetación, con fentos e silveiras, que dificultan o paso ademais de carecer da sinalización necesaria para a súa localización.

Este petróglifo é un ben de interese cultural que o Concello ten que preservar, sinalizar e manter limpa a contorna, ademais de facer o posíbel para a súa difusión e posta en valor.

Trátase dunha laxa de grandes dimensións (de 6,70 metros no eixo norte-sur e 5 metros no leste-oeste, ocupando os gravados unha superficie de 3,30 e 1,70 metros) situada na

croa dun castro, onde se poden observar de maneira nítida figuras como ídolos antropomorfos, espadas, estandartes, puñais e alabardas.

Cómpre lembrar que este xacemento está integrado no parque de arte rupestre que se vai desenvolver en colaboración entre os concellos de Santiago e Ames coa Deputación da Coruña.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela mellorará os accesos, sinalización e difusión do petróglifo do Castriño de Conxo.

O Concello de Santiago de Compostela procederá a incluír o petróglifo de Conxo na programación de visitas escolares.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA POLA DOTACIÓN ORZAMENTARIA DA LEI DE BENESTAR ANIMAL

Noa Morales Sánchez, Concelleira de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar Animal, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cinco meses despois da entrada en vigor da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, evidenciamos unha problemática que non deixa de medrar: o abandono, máis tamén casos de encadeamento continuado ou de limitación extrema de movementos que supoñen un contexto de maltrato case permanente que debería ser evitado, mentres que a Xunta non ten disposto ningún orzamento adicional para exercer a súa parte de responsabilidade no marco desta nova norma.

Con 100.000 € consignados nos Orzamentos deste exercicio para o conxunto dos Concellos galegos, existen xa exemplos dunha maior implicación económica, como a anunciada convocatoria de axudas para as entidades protectoras por parte da Deputación da Coruña, dotada con 150.000 € e aplaudida por diferentes colectivos animalistas, ou o compromiso da Deputación de Pontevedra de impulsar unha liña de subvencións semellante ao longo do ano.

Así, vemos como o executivo autonómico fai proselitismo electoralista dunha Lei da que non se responsabilizou á hora de garantir un cumprimento claro, como as ducias de

denuncias administrativas que agardan resposta por casos de maltratou, ou a exclusión do seu ámbito de aplicación dos équidos, obxecto tamén de prácticas específicas de crueldade como é a colocación de pexas.

Unha aplicación correcta de preceptos como o sacrificio cero require do compromiso de todas as partes, desde a elaboración de estratexias de sensibilización ata a licitación ou sinatura de convenios con entidades protectoras de animais e refuxios, e a Xunta non está a poñer da súa parte nin medios técnicos nin económicos para garantira que esta medida sexa real e non un bonito titular nun xornal.

Por todo o exposto o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación no Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galicia a dotar cos medios orzamentarios axeitados o cumprimento da Lei 4/2017 nos concellos de Galicia

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

As vítimas de violencia machista creceron en España nos últimos anos superando xa as 150.000 en 2017, segundo datos do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial. Así pois e para non perder o tren das iniciativas cidadás que xa se están materializando en municipios de España como: Tarrasa, Vigo ou Bilbao, traemos a este pleno unha moción para solicitar paradas de bus nocturnas “antiacoso” que abundarán na seguridade da mulleres.

Paradas "a demanda", "intermedias" ou "antiacoso", así denominan esta iniciativa levada a cabo noutras cidades, trátase de fixar en horario nocturno paradas intermedias ou a demanda dentro da ruta oficial que permitan ás mulleres aproximarse o máximo posible ao seu punto de destino e ter que camiñar o menor tempo posible soas. Unha muller que se traslade en autobús de madrugada avisando ao condutor poderá baixarse no punto máis próximo ao seu destino aínda que non sexa unha das paradas programadas na liña do bus nocturno e materialízase a acción (iso si) dentro da ruta oficial. As mulleres que soliciten apearse fóra dunha parada regulamentaria deberán permanecer na parte dianteira do vehículo e baixaranse pola porta máis próxima ao condutor.

As paradas personalizadas virían permitir reducir o tramo que a muller ten que percorrer soa de noite, desde que se baixa do autobús ata o seu domicilio ou o lugar ao que se dirixa. Os exemplos de municipios que mostran interese nesta forma de previr agresións sexistas son numerosos, estendéndose por toda a xeografía española e por iso o grupo municipal socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

Primeiro: Que o goberno municipal estude a iniciativa de implantar paradas "antiacoso" nos seus traxectos nocturnos e procedan a poñelas en funcionamento á maior brevidade posible.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia á posta en funcionamento desta medida no transporte metropolitano de Santiago.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA CONDENAR A VIOLENCIA E DEFENDER OS DEREITOS HUMANOS EN NICARAGUA

LIMIAR

Nicaragua está vivindo momentos de crise social e política. O pasado 22 de xuño presentáronse as conclusións do informe da Comisión Interamericana de Derechos Humanos “Graves violaciones a los Derechos Humanos en el marco de las protestas sociales en Nicaragua” no que se especifica que, tras o inicio das protestas o 18 de abril de 2018, recibíuse información sobre 212 mortes (287, actualmente); e 1.337 persoas feridas documentadas (máis de 1.500, actualmente) no contexto da represión das protestas sociais acontecidas en Nicaragua. O informe engade que a maioría destas afectacións á vida e integridade son consecuencia do uso excesivo e arbitrario da forza por parte de axentes estatais, ou por parte de terceiros (paramilitares) que contan coa tolerancia de autoridades estatais.

O Informe tamén especifica que houbo detencións ilegais e arbitrarias; prácticas de tortura, tratos crueis, inhumanos e degradantes; censura e ataque á prensa; así coma outras formas de amedrentamento como ameazas, hostigamentos e persecución dirixidas a disolver as protestas, inhibir a participación cidadá e calar o disenso político.

Por outro lado, Amnistía Internacional, no seu informe Disparar a matar: Estrategias de represión de la protesta en Nicaragua, resalta a responsabilidade do goberno de Nicaragua no uso de francotiradores para reprimir protestas e criminalizalas.

Galicia mantén, historicamente, lazos políticos e de solidariedade internacional con Nicaragua, un dos 11 países prioritarios para a Cooperación Galega.

O Concello de Santiago de Compostela non pode ser alleo á presente situación de vulneración dos Dereitos Humanos, crise política e conflitividade social que vive Nicaragua.

Por todo isto, o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación no Pleno os seguintes **ACORDOS**:

Manifestar a nosa solidariedade coas familias de todas as vítimas e condenar a violencia.

Solicitar ao goberno de Nicaragua que responda ás quince recomendacións realizadas pola Comisión Interamericana de Derechos Humanos para garantir os Dereitos Humanos da poboación nicaraguana, entre as que se atopan:

O cese de forma inmediata da represión, o desmantelamento dos grupos parapoliciais e a adopción de medidas para impedir que sigan operando grupos armados que atacan á poboación civil.

Garantir á poboación nicaraguana o dereito á manifestación, á liberdade de expresión, á liberdade de prensa e ás garantías de reunión pacífica e a participación política no país.

Garantir a instalación da Comisión de persoas expertas internacionais en Dereitos Humanos e que investigue as violacións dos Dereitos Humanos acontecidas desde o 18 de abril de 2018, e facilite á Comisión todas as ferramentas, información e mecanismos necesarios para a debida investigación e documentación das violacións cometidas contra a poboación civil.

Garantir a integridade física das e dos defensores de Dereitos Humanos e se absteña de promover campañas de criminalización e desprestixio que afecten os Dereitos Humanos destes actores claves.

Expresar o noso compromiso cos Dereitos Humanos e solicitar ao goberno de Nicaragua que, na mesa de diálogo na que participa xunto a actores da sociedade civil, estableza mecanismos que permitan unha saída pacífica á crise que vive o país.

MOCIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA DECLARAR PERSOAS NON GRATAS AOS COMPOÑENTES DA “MANADA”

LIMIAR

O pasado venres, 21 de xuño, a Audiencia Provincial de Iruña acordou pór en liberdade os cinco agresores (violadores), autodenominados “A Manada”, condenados por someteren unha moza de 18 anos a reiterados actos sexuais, por parte de todos eles, en contra da súa vontade e facendo uso da súa condición de superioridade: numérica, física e de idade, durante os Sanfermíns de 2016.

Estes feitos foron cualificados xuridicamente como abusos sexuais por parte do mentado tribunal que condenou a 9 anos de prisión aos acusados. Esta condena vén de completarse coa decisión de non lles prorrogar a prisión preventiva ante a gravidade do sucedido, polo que desde o venres, día 22 de xuño, están na rúa. O tribunal emprega argumentacións difíciles de entender por parte da sociedade en xeral como se demostrou na rúa, e polo movemento feminista, en concreto.

É coñecido e notorio que A Manada non amosou o máis mínimo arrepentimento pola súa aborrecida mais habitual práctica. De feito, os cinco defenderon publicamente o seu desprezo pola vítima e sitúan o acontecido nun plano de normalización, elevando o sucedido a consentimento, a pesar de que ninguén o entende.

Non está de máis lembrar que as corporacións municipais son a expresión do mandato cidadán, e ficarían á marxe da sociedade se non recollen o clamor da rúa, do pensar e sentir de miles de mulleres e homes, ante a inxusta resolución desta situación tan grave, que vai contra a liberdade de máis do 50% da poboación deste Estado: as mulleres.

Desde o Concello de Santiago de Compostela, non só apoiamos todas as mobilizacións convocadas; rubricamos todos os manifestos e colaboramos en todas accións de rexeitamento que se organizaron e se organicen nun futuro, canalizando, a través dos instrumentos democráticos, ese clamor da cidadanía.

É o momento de darmos un paso máis, e de que sexamos as corporacións locais as que tomemos a iniciativa para denunciar esta inxustiza social e sumarnos, ao berro da cidadanía polo caso da Manada.

Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela declara persoas non gratas a:

JoséÁngel Prenda Martínez
Alfonso JesúsCabezueloEntrena
Ángel Boza Florido
Antonio Manuel GuerreroEscudero
JesúsEscudero Domínguez

O Concello de Santiago quere expresar con esta declaración o rexeitamento aos agresores en todo o país, porque a sociedade entende que si foi un feito moi grave. É necesario e urxente o entendemento da xustiza e a sociedade en temas tan sensíbeis; e con este feito, trasladamos a solidariedade e arroupamento á vítima, para que non se sinta nin culpábel, nin sinalada nin condenada.

As agresións sexuais son a arma máis empregada para librar esta guerra contra as mulleres, que xa se vai facendo máis visíbel e deixou de ocupar espazos de recheo para

se situar nos titulares de apertura dos medios de comunicación. A loita feminista das últimas décadas foi vital para iso.

O caso da Manada é o cumio do iceberg e debemos aproveitalo para visibilizar os centos de casos anónimos que suceden ao noso arredor con moita máis frecuencia da que nos pensamos; e por parte de homes que non están enfermos. Que saiban todas as vítimas anónimas que estamos con elas e que non nos doen menos. E que todos e todas entendamos que o silencio nos condena.

Por todo o exposto, o Concello de Santiago de Compostela adopta o seguinte **ACORDO**:

1.- A declaración de persoas non gratas de:

JoséÁngel Prenda Martínez
Alfonso JesúsCabezueloEntrena
JesúsEscudero Domínguez
Ángel Boza Florido
Antonio Manuel GuerreroEscudero

2.- Dar traslado desta Declaración Institucional á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.

3.- Dar traslado desta Declaración Institucional á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio do Concello de Santiago.

EMENDAS PRESENTADAS.-

Emenda de substitución presentada polo BNG á moción do grupo municipal de Compostela Aberta con rexistro de entrada do día 11 de xullo do corrente ano, núm. 213.

“O grupo municipal do BNG propón, a modificación da moción do grupo municipal de Compostela Aberta, polo seguinte texto:

Emenda de substitución:

Nicaragua está a vivir unha importante crise social e política que se ten cobrado, até o momento, máis de trescentas vítimas mortais.

Neste contexto, tanto como galegas e galegos que, historicamente, mantivemos

importantes vencellos políticos de solidariedade internacional con Nicaragua sendo un dos países prioritarios para a Cooperación Galega, como compostelás e composteláns, non podemos ser alleos á presente situación de crise política e conflitividade social que vive Nicaragua.

Polo exposto, o Concello de Santiago toma os seguintes acordos:

1. Manifestar a nosa solidariedade coas familias de todas as vítimas e condenar todas as formas de violencia que se están a producir no país.
2. Solicitar o cese da violencia e a represión e o compromiso ao goberno de Nicaragua de que, na mesa de diálogo na que participa xunto a actores da sociedade civil, estableza mecanismos que permitan unha saída pacífica á crise que vive o país.”

Emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular á moción do grupo municipal de Compostela Aberta, con rexistro de entrada do día 10 de xullo de 2018, núm. 205.

“O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte emenda á moción do grupo municipal de Compostela Aberta “pola dotación orzamentaria da Lei de benestar animal”.

Proponse modificar o contido do acordo, de forma que o texto resultante sería:

“O Concello de Santiago de Compostela acorda:

-Instar á Deputación Provincial da Coruña a colaborar cos concellos da provincia na implantación dunha rede provincial de centros de recollida de animais abandonados, que permita unha aplicación eficaz e eficiente da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

-Instar á Xunta de Galicia a continuar e incrementar a política de colaboración cos concellos da provincia e coa Deputación Provincial no desenvolvemento da Lei 4/2017, así como no impulso dunha rede provincial de centros de recollida de animais abandonados.”

En relación coa moción para declarar persoas non gratas aos membros da “Manada” (presentada inicialmente como declaración institucional), o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), os/as concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular non manifestan sentido do voto, acorda:

1.- A declaración de persoas non gratas de:

JoséÁngel Prenda Martínez
Alfonso JesúsCabezueloEntrena
JesúsEscudero Domínguez
Ángel Boza Florido
Antonio Manuel GuerreroEscudero

2.- Dar traslado desta moción á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.

3.- Dar traslado desta moción á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio do Concello de Santiago.

Na moción con rexistro de entrada do día 6 de xullo de 2018, núm. 196, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, a prol da ratificación do tratado para a prohibición de armas nucleares, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- Instar ao Goberno do Estado a asinar o Tratado sobre a Prohibición de Armas Nucleares aprobado pola ONU en xullo de 2017, a promover a súa sinatura por parte dos países membros da OTAN e demais estados que aínda non o ratificaron, e a levar a cabo, en concordancia coa ONU, as accións diplomáticas multilaterais que conduzan á eliminación definitiva do armamento nuclear.

2.- Dar traslado deste acordo, para o seu coñecemento, ao Goberno do Estado e á Federación Española de Municipios e Provincias.

Auséntase a concelleira Dona M^a José Castro Carballal, e xa non se reincorpora á sesión.

No tocante á moción con rexistro de entrada do día 9 de xullo de 2018, núm. 198, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a seguridade dos muros de contención e outras melloras no barrio das Fontiñas, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda instar ao correspondente órgano do goberno a que:

1.- Inicie de inmediato as obras de reparación do muro de contención apuntalado desde finais de 2017 entre as rúas París e Luxemburgo e -conforme aos resultados do estudo de diagnose que xa debería estar rematado- acometa ao longo do ano actual os traballos de rehabilitación e reforzo das demais zonas que se consideren prioritarias.

2.- Proceda a executar canto antes as demais obras acordadas por unanimidade nesta zona, incluíndo a revisión para a retirada dos cadros eléctricos da iluminación pública en desuso, dos alcorques das árbores e das beirarrúas.

3.- Retirar, polo seu deterioro e falta de uso, a estrutura metálica do antigo servizo de préstamo de bicicletas existente ante a fachada principal de Área Central para destinar o seu lugar -convenientemente equipado e sinalizado- a unha área libre de estacionamento público de bicicletas.

4.- Realizar o proxecto de renovación da rúa Atenas e reformular o acceso e o aparcamento na contorna do Pavillón Polideportivo das Fontiñas.

Na moción con rexistro de entrada do día 10 de xullo de 2018, núm. 200, presentada polo grupo municipal do BNG, para mellorar os accesos, a sinalización e a divulgación do petróglifo do Castriño de Conxo, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda mellorar os accesos, sinalización e difusión do petróglifo do Castriño de Conxo, e incluílo na programación das visitas escolares.

En relación á moción con rexistro de entrada do día 10 de xullo de 2018, núm. 205, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, pola dotación orzamentaria da Lei de benestar animal, á que presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular e que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda instar á Xunta de Galicia a dotar cos medios orzamentarios axeitados o cumprimento da Lei 4/2017 nos concellos de Galicia.

En relación coa moción con rexistro de entrada do día 10 de xullo de 2018, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa a implantar paradas antiacoso, a que presentou emenda in voce o grupo municipal do Partido Popular no transcurso do debate, e tras ser aceptada a mesma, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (3 PSdeG-PSOE e 8 PP), e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG), acorda:

Primeiro: Que o goberno municipal estude a iniciativa de implantar paradas “antiacoso” nos seus traxectos nocturnos e procedan a poñelas en funcionamento á maior brevidade posible.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia a que estude a iniciativa de implantar estas medidas no transporte metropolitano de Santiago.

Con respecto á moción con rexistro de entrada do día 11 de xullo de 2018, núm. 213, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para condenar a violencia e defender os dereitos humanos en Nicaragua, e tras ser aceptada a emenda de substitución presentada polo grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

Manifestar a nosa solidariedade coas familias de todas as vítimas e condenar todas as formas de violencia que se están a producir no país.

Solicitar o cese da violencia e a represión e o compromiso ao goberno de Nicaragua de que, na mesa de diálogo na que participa xunto a actores da sociedade civil, estableza mecanismos que permitan unha saída pacífica á crise que vive o país.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 22:30 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,
Asdo: Martiño Noriega Sánchez

O secretario xeral do pleno,
Asdo: José Ramón Alonso Fernández